

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION ORDINARIA 27 DE MAIO DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e sete de maio do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o

Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(83).- ACTAS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DO 25 DE MARZO DE 2013.

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, apróbanse as actas dos Plenos da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo e extraordinaria do 25 de marzo de 2013.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1 (84).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO EN SOLIDARIEDADE COS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA MERCANTIL PESCANOVA S.A. EXPTE. 660/1101.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros na súa sesión do día 23 de maio acorda, por consenso dos tres grupos políticos, a inclusión na orde do día do Pleno ordinario, da seguinte,

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

“Nas últimas semanas tívose coñecemento, a través dos medios de comunicación, da grave situación que atravesamos unha empresa punteira no seu sector. Estamos a falar de Pescanova, unha empresa galega, con filiais e produción externalizada en diversos países do mundo.

Pescanova conta con 85 buques factoría e con 25 plantas de procesado, emprega a máis de 1.000 traballadores e traballadoras en Galiza e a máis de 8.000 en todo o mundo. Tamén podemos engadir os máis de 5.000 postos de traballo indirecto no noso país.

Esta empresa ten recibido en múltiples ocasións axudas públicas do goberno galego desde que en 1995 se lle inxectaran 42 millóns de euros para evitar a súa compra por parte de Unilever.

Neste momento, o futuro da compañía está no aire e os traballadores e traballadoras, moitos deles veciños do noso concello, ven perigar o seu posto de traballo, polo que xa teñen anunciado mobilizacións para as próximas semanas. Por este motivo, e tendo en conta o grave problema que suporía para este concello e para toda Galiza o desmantelamento dunha empresa punteira como Pescanova é polo que

O Pleno da Corporación Municipal resolve solidarizarse cos traballadores e traballadoras de Pescanova e das súas filiais, e apoiar as mobilizacións que decidan levar a cabo na defensa dos seus postos de traballo, así como dirixirse á Xunta de Galiza a para poñer en marcha medidas que sirvan para manter a galeguidade da empresa e os postos de traballo.”

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(85).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA REITORA DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE ADHESIÓN AO ACORDO REGULADOR DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1177/13 (651/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 22 de abril de 2013, a Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar a adhesión do Organismo Autónomo “Escola Municipal de Artes e Oficios” ao Regulamento Reitor do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 28 de xaneiro de 2013.

Segundo: A adhesión suporá a adecuación do texto dese Regulamento á realidade administrativa do Organismo Autónomo “EMAO”, de acordo cos seguintes aspectos:

- a. As referencias a “Concello de Vigo” entenderanse substituídas por “Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios”.
- b. En relación á estrutura organizativa e laboral, a composición da Comisión xestora do Fondo de Acción Social da EMAO, deberá ser adecuada á súa estrutura, do que se desprende que o órgano competente para a xestión do persoal da EMAO, será a Presidenta da Xunta Reitora deste Organismo Autónomo, e os asesores da comisión serán os adecuados á propia estrutura técnica da Escola Artes.
- c. O Fondo de Acción social (FAS) constitúese coas dotacións orzamentarias previstas nos correspondentes Orzamentos da EMAO para cada exercizo económico, nos termos e condicións e cos límites e contías establecidas no artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo 1999- 2002, e modificado polo acordo plenario do Concello de Vigo de data 28 de xaneiro de 2013, polo cal o desenvolvemento na EMAO, en relación a súa contía terá unha aplicación proporcional.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao Pleno da Corporación Municipal

Cuarto: Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina web municipal.”

Con data 20.05.2013, a Comisión Informativa de Xestión Municipal queda enterada de dito acordo.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.2(86).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NA LEI DE CONTRATOS CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2013. EXPTE. 7244/540 (650/1101).

ANTECEDENTES.- O tesoureiro municipal, mediante escrito de data 30 de abril de 2013, emite o seguinte informe:

INFORME

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

INFORME.-

I.- O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos.

II.- A estes efectos, o apartado 4º do artigo 216 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece que:

“4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a remuneración de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a remuneración de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data de

presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobese a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.”

Neste sentido, o artigo 222.4 da LCSP, relativo ó cumprimento dos contratos, dispón que:

“4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración Pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a devandita recepción, o prazo de trinta días contarase dende que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.”

E, por fin, no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 235 da LCSP, en relación ó cumprimento do contrato de obras, establécese un prazo máximo de tres meses, contados a partir da recepción da obra, para que o órgano de contratación aprobe a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo de trinta días previsto no artigo 216.4.

III.- O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio (<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>) , que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

IV.- No caso do Concello de Vigo, e dado que a circular informativa da Intervención Xeral de data 6 de agosto de 2012 establece que os responsables que teñan ó seu cargo a sinatura dos documentos cobratorios, tales como facturas ou certificacións, disporán dun máximo de cinco días naturais a partir da data do rexistro, para conformar o documento e remitilo á Intervención para a súa fiscalización, o prazo de trinta días previsto na LCAP compútase, ós efectos de determinar o cumprimento dos prazos de pago establecidos na citada Lei, unha vez transcorridos cinco días dende a data de rexistro da factura ou certificación correspondente.

V.- En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2013 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.344
- Importe total: 19.406.326,32 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.533
- Importe total: 15.964.029,20 euros

Período medio de pago (PMP): 33,98 días

O "*Período medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 21,80 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operaciones: 140
- Importe total: 3.181.022,41 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operaciones: 34
- Importe total: 114.724,10 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 21,25 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 123,65 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- Número: 2
- Importe total: 24.974,67 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 103,00 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións."

No expediente figuran catro cadros contables debidamente dilixenciados por esta

Secretaría Xeral do Pleno

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 20 de maio, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Sobre o informe de Tesourería do primeiro trimestre, dicir que por moito que intenten aparentar unha boa xestión económica, vostedes non están para isto das contas, vostedes están para a foto, para o programa na televisión, o da radio, para a posta en escena, pero esquécense do que é importante que é xestionar eficazmente os cartos dos vigueses/as.

Xa ninguén os cre, dicían que non había facturas no caixón e o ano pasado vimos que había máis de catro millóns de euros, din que o urbanismo nesta cidade vai fenomenal, cando a Xerencia gasta doce millóns de euros e recada 1,5 millóns, e apenas para dar algunha licenza. Din que o Castro está niquelado, calquera pode pasear polo Castro e comprobará que mete medo. Podería poñer miles de exemplos, como aquela persoa que ande pola cidade vai poder comprobar como as rúas están cheas de buratos e fochas, por iso pediramos un plan de asfaltados.

Pero si falamos agora das contas o Partido Popular está na obriga de dicirlle aos vigueses/as que a este goberno as contas fóronselle das mans por unha absoluta mala xestión económica. Neste primeiro trimestre do 2013 fixéronse 2.877 pagos, 1.344 en prazo e 1.533 fora de prazo, polo tanto a conclusión é que máis do 53% das facturas páganse fora do prazo, ese é o resumo deste expediente que traen hoxe a dar conta, máis do 53% das facturas páganse fora de prazo e aínda por riba presumen, pero de que presumen?

O seu é dunha absoluta e total irresponsabilidade á Lei de Morosidade, pero que é iso? Para que van a cumprir, a Lei está para saltársea, este trimestre volven a incumprir a Lei incluso xa na media do período medio de pago, que é, di o Tesoureiro de 34 días, cando a Lei obriga a que o período medio de pago sexa de 30 días.

Falará da Xunta de Galicia e da Deputación, pois xa lle digo, pagan en 28 días, o Concello de Vigo paga en 34 días. Xunta de Galicia e Deputación cumpren a Lei, xa me adianto a súa crítica, e o Concello de Vigo non cumpre a Lei tampouco nos

pagos.

Dicímolo unha e outra vez, este Concello necesita xestión e rigor nas contas, as empresas que traballan para o Concello non teñen porque sufrir nas súas carnes os atrasos nos pagos, Sr. Alcalde, a culpa non a teñen nin os funcionarios, nin o Sr. Feijóo, nin o Sr. Rajoy, a culpa tena vostede Sr. Alcalde, porque vostede non ten organizada a casa por dentro, pasase os días buscando culpables fora cando ten que asumir a súa responsabilidade. Organice a casa por dentro, faga reformas, sexa eficiente Sr. Alcalde, vostede está manexando os cartos de tódolos vigueses/as, déixese de proclamas vitimistas e de parvadas como a de "Vigo cidade de estado" que non vale para nada.

Vigo está sufrindo moito como nunca antes o fixera, nunca tiveramos máis de 35.000 persoas que queren traballar e non poden, báixese da nube Sr. Alcalde, remánguese a camisa, apértese os dentes e traballe para os vigueses/as e non para a galería, tódolos cidadáns incluso os que votan ao Partido Popular agradeceranllo.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hai unha cousa na que lle vou dar a razón, Sr. Fidalgo, e é certo os vigueses/as están sufrindo moito, pero equivócase vostede de destinatario, están sufrindo pola diminución das Bolsas de Educación da Xunta de Galicia; polo aumento das listas de espera na Sanidade por culpa da Xunta de Galicia; pola tardanza nos servizos de Asistencia Domiciliaria polas diminucións da Xunta de Galicia, polo tanto equivócase vostede de destinatario, quen está traballando por esta cidade única e exclusivamente é o Alcalde, Abel Caballero que si pateia a cidade tódolos días e non como vostedes.

Fala das contas e di que non estamos para contas, que nos esquecemos da xestión dos cartos, das facturas cando no ano 2006/7 chegamos a este Concello o Partido Popular pagaba en 50,57 días, esa era a media, significa que algunhas facturas pagábanse con incluso máis dun ano. Pero lembren vostedes que cando chegamos atopámonos con oito millóns de euros de facturas metidas nun caixón, que tivemos que pagar de forma apresurada porque algunhas delas tiñan máis de tres anos, diso esquecese o Sr. Fidalgo. Aínda así, puxémonos a xestionar e conseguimos baixar deses 50,57 a, como di moi ben o informe do Tesoureiro, 33,98 días.

Pero o que non cita o Sr. Fidalgo é algo que tamén se cita no informe de Tesourería,

que di que de acordo coa Lei de Morosidade hai 30 días para o pago dende que se conforma unha factura e, para que non queden as facturas no caixón como pasaba co Partido Popular, hai 30 días dende que se recibe a factura para que se conforme. Estableceno polo tanto a Lei un prazo de 60 días dende que se recibe a factura, 30 para conformar e 30 para pagar. O que non di o Sr. Fidalgo é que hai unha instrución interna deste Concello, asinada por esta Concelleira, que di que que as conformidades téñense que facer en 5 días, é dicir, neste Concello practicamos unha política de rebaixar eses 30 días, de conformidade que nos permita a Lei a 5 días, establecendo así o período total de pago en 35 días. Pois ben, nosoutros estamos pagando en 33,98 días. Somos o Concello, a Administración que mellor paga e iso é o que lle doe ao Partido Popular, porque cando collemos os datos de calquera outra administración e a verdade é que os datos son preocupantes, porque onde o Partido Popular goberna a media é superior, esa é a cuestión, non poden presumir de que pagan en menos porque non o fan.

O Estado, a Administración Xeral do Estado paga en 78 días o dobre do que se paga en Vigo, pero cando imos a Ministerios concretos como o das Administracións Públicas, son 1.153 días de media, e despois di que nós non nos preocupamos polos provedores, entón en que está pensando o Goberno de España cando a un provedor tárdalle máis 1.000 días, que son tres anos sen pagar, no Ministerio de Cultura pásalle o mesmo.

Na Xunta, o propio Sr. Feijóo rectifícalle a vostede Sr. Fidalgo, porque admite que ten facturas pendentes de pago, incluso recoñecía que estaba pagando intereses de demora, se pagamos tan tarde cantos intereses de demora se pagan no Concello? Cero, é o que di o informe de Tesourería porque estamos pagando en prazo.

Cando imos á Xunta de Galicia, o informe oficial fala de 69 días, o propio Sr. Feijóo hai escasamente 15 días, o 7 maio de 2013, fíxase como meta aboar en 40 días, fala de que non se cumpre a Lei, quen non está cumprindo a Lei? É sistematicamente o Partido Popular.

No informe da Deputación, da que tanto presume, o propio Interventor afirma que se está pagando en 70 días, incluso recolle que se deben tomar medidas excepcionais para acelerar estes prazos porque estase a pagar en 70 días prexudicando ao sistema produtivo do toda a cidade de Pontevedra, porque son

pequenos empresarios, iso é o que aparecen nos informes da Deputación. Polo tanto, é certo que estamos pagando en 34 días, somos o Concello que máis rápido paga e é certo que nos quedan eses 4 días, recoñézoos, xa nos reunimos para fixalos como meta. Pero escoiten vostedes, a meta que nós fixamos é en pagar en 30 días, a que vostedes fixaron e que ninguén cree que se vaia a cumprir na lexislatura do Sr. Feijóo, é de 40 días. O que se teñen que propoñer vostedes é tamén a meta de 30 días.

A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do contido do presente expediente.

3.3(87).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 22/2013, SUPLEMENTO DE CRÉDITO, PARA FACER FRONTE Á AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA DOS PRÉSTAMOS CONCERTADOS NOS ANOS 2011-2012. EXPTE. 102161/140 (648/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 22 de abril de 2013, o interventor xeral municipal emite o seguinte informe,

“Incoado por Resolución da Alcaldía de data 19 de abril do ano en curso, tivo entrada, con data de 9 do mesmo mes nesta Intervención Xeral, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 22/2013, que se financia con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería obtido no exercicio do 2.012, e presentada a proposta de modificación acompañada da Memoria xustificativa que se inclúe na propia Resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do previsto polo artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigo 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

1.- Lexislación aplicable.

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Bases de Execución do Orzamento.

O expediente de modificación orzamentaria que se tramita, contén un suplemento de crédito por un importe de 16.656.233,44 euros. Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL) e artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), así como na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente.

O Remanente de Tesourería que se propón como recurso para para financiar a modificación orzamentaria por importe de 16.656.233,44, regúlase no artigos 177 e 191 de devandito corpo legal e artigos 36, 101 a 105 do mencionado Real Decreto 500/1990.

II.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que se vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales proxéctase este tipo de modificación de créditos, requisitos, por outra banda, que son comúns tanto para os suplementos como para os créditos de carácter extraordinario.

En síntese, tales requisitos concréntanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podéndose demorarse para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica a que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso das dotacións de créditos extraordinarios; ou para o suposto de suplementos, a constatación de que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na aplicación correspondente do estado de gastos do orzamento a que se debe imputar o gasto proposto, e iso no nivel establecido na bolsa de vinculación xurídica dos créditos aprobada polo Pleno da Corporación, non podendo ser obxecto de ampliación.

Amortización dos préstamos concertados nos anos 2011 e 2012.

Neste caso, a cuestión da xustificación, é por unha banda de tipo económico-orzamentario, xa que supón un aforro de custos financeiros con cargo ao orzamento do ano 2013, pero tamén, con cargo a orzamentos futuros, e por outra, mellora a ratio de endebedamento.

En relación coas operacións que constitúe débeda financeira, identifícase co préstamo con apertura de póliza de crédito, concertado con Novagalicia Banco, adxudicado con data 26 de outubro de 2012 pola Xunta de Goberno Local por un importe máximo de 9.700.000 euros, e formalizado con data 8 de novembro do

mesmo ano, habendo consolidado pola contía de 9.287.287,35 euros. O prazo de amortización da operación, escomenza o 30 de decembro de 2013 e remata no ano 2022, sendo a anualidade de amortización constante.

En canto ao préstamo do ano 2011, correspóndese co concertado co BBVA, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 4 de maio de 2011, por unha contía máxima de 11.000.000 euros, formalizado o 21 de xuño do mesmo ano, habendo consolidado pola contía de 10.372.093,53 euros. O prazo de amortización escomenzou no ano 2012 e remata o 30 de decembro do ano 2021.

En canto ao índice de endebedamento financeiro, a Liquidación orzamentaria do ano 2012, puxo de manifesto unha ratio do 24,98 por 100 sobre os ingresos liquidados por operacións correntes deducidos dos estados consolidados, cos axustes que regula a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, é un endebedamento financeiro total de 55.858.573,97 euros.

No entanto o anterior, aínda neste suposto dun endebedamento moderado en relación coas posibilidades que establece o artigo 53.2 do TRLRFL, o precitado precepto limita ao máximo do 110 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior ou, na súa falta, no precedente a este último cando o cómputo haxa de realizarse no primeiro semestre do ano e non se liquidou o orzamento correspondente a aquel, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados das entidades locais. O contido da Disposición Final trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, establece uns novos límites: 1) Se o seu volume total de capital vivo non excede do 75 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, só terán que cumprir os requisitos previstos no TRLFL e normativa de estabilidade orzamentaria. 2) Se o seu volume total de capital vivo se atopa entre o 75% e 110 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, ademais do anterior, deberá contar con autorización previa do órgano competente en materia de tutela financeira. En resumo, o límite está no 110 % dos recursos liquidados por operacións correntes.

A tendencia xeral, e de acordo as pautas de longo prazo delimitadas pola LOEOSF e polos obxectivos do Ministerio de Facenda, as administracións públicas teñen que instalarse nunha senda continua de redución do endebedamento, aínda que, como se informou para concertación da operación do ano 2013, o endebedamento financeiro desta Administración é moderado, ademais, a contía da operación anual que se concerta e consolida, sempre é máis pequena que a contía dos pasivos financeiros que se amortizan nese mesmo ano.

Neste ano, vaise a producir unha amortización extraordinaria por unha contía de 16.656.233,44 euros, que xuntamente coa amortización ordinaria que ascende a 9.077.390,75 euros, pode deixar a ratio de endebedamento financeiro ao peche do ano 2013 nun 17,4 por 100 dos recursos liquidados por operacións correntes non financeiros deducidas dos estados consolidados, sempre tendo en conta, que as previsións de Liquidación do Orzamento do ano 2013, se manteñan nos índices do ano 2012.

O Suplemento de crédito vai diminuír en torno a 7,6 puntos o nivel de endebedamento, como unha pauta a seguir marcada pola LOEOSF.

En relación coa limitación que esta a establecer o artigo 12 da LOSOSF, a aplicabilidade do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, tan só é

posible, se hai marxe en canto ao teito de gasto, de non ser así, o Remanente de Tesourería só poderá destinarse ao financiamento de gasto financeiro, coa excepción dos compromisos acadados no gasto non financeiro, polo que, adicar parte do saldo a operacións financeiras, permite un aforro na carga financeira.

Obxectivo da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LOEOF

Administración	% sobre PIB
Administración Central	44,00
Comunidades Autónomas	13,00
Entidades Locales (Aytos, Diputaciones, E.menores, Mancomunidades)	3,00
Total	60,00

Obxectivos macroeconómicos aprobados polo Consello de Ministros do 20/07/2012 para o trienio 2013-2015.

Endeudamento porcentual en términos de PIB

Administración	Anos/%		
	2013	2014	2015
Administración Central	66	66,3	66,6
Comunidades Autónomas	16	15,9	15,5
Entidades Locales (Aytos, Diputaciones, E.menores, Mancomunidades)	3,8	3,8	3,8

Compróbase que o efecto que produce a modificación orzamentaria proposta, non é un incremento da dotación global inicial ou actual de aplicacións orzamentarias, estase aumentando crédito para un gasto específico ou concreto, xurdido nun momento determinado e non predicible a priori pola dirección política ou de goberno no exercicio da potestade orzamentaria, xa que no caso da amortización extraordinaria do préstamo, non podería ter resposta orzamentaria tanto en canto non se aprobase a Liquidación do Orzamento do ano 2012 e se determinase a contía do Remanente de Tesourería para gastos Xerais.

En resumo, estamos ante o suposto regulamentado no artigo 177.1 do TRLRFL e 35 do RP, dun gasto concreto e específico.

III.- Recurso financeiro utilizado.

Os recursos financeiros que se propón para o financiamento desta modificación de crédito é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na Liquidación Orzamentaria do último exercicio liquidado, isto é, o exercicio do 2012.

Recurso financeiro éste que admite o apartado 4 do artículo 177 do

TRLRFL e o artigo 36.1.b) do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, para financiar os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O Remanente de Tesourería para gastos xerais que se obtivo da Liquidación do orzamento do ano 2012, cuantificouse en 85.841.831,13 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 13/2013 (Incorporación de remanentes de crédito): 3.503.230,781 euros, de onde resulta que o saldo actual do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais ascendería a 82.338.600,35 euros, suficiente para facer fronte á modificación orzamentaria contida na proposta que se informa, e que polo que a este recurso concierne a cifra de 16.656.233,44 euros. O saldo final, unha vez tramitada a modificación orzamentaria en trámite será de: 65.682.366,91 euros.

O cumprimento da Regra de gasto que está a establecer o artigo 12 da LOSOSF, limita a que orzamento tanto na súa aprobación como na súa liquidación, debe estar en función da Liquidación do ano anterior multiplicada por unha porcentaxe. Tendo en conta o Orzamento aprobado definitivamente o 30 de xaneiro de 2013 e a modificación orzamentaria 13/2013, a aplicabilidade do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, tan só é posible destinalo ao financiamento de gasto financeiro, neste caso, a amortización da operación de préstamo.

De acordo co establecido na Orde EHA/3565, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, o Remanente de Tesourería que financia o expediente, imputarase ao Capítulo VIII do estado de ingresos (activos financeiros), artigo 87 (Remanente de Tesourería), subconcepto 870.00 (Remanente de Tesourería para de Gastos Xerais).

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 165.4 do TRLRFL e 16.2 do RP.

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Apli/concepto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
87000	82.338.600,35	16.656.233,44	65.682.366,91	0110.9130200	1.037.209,35	8.297.674,83	9.334.884,18
				0110.9130200	928.728,74	8.358.558,61	9.287.287,35
Total		16.656.233,44		Total		16.656.233,44	

IV.-Cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria.

En canto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria nos termos do previsto no art. 11 da Lei Órgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e art. 4 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, o apartado 4 do

artigo 11 da LOEOSF, establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A instrumentación deste principio, deberá estar na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos.

A análise da incidencia que produce o expediente que se está a informar sobre os orzamentos municipais pola aplicación da Lei Orgánica 2/2012 e do RXLEP sobre o equilibrio ou superávit, enténdendose por situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando os Recursos financeiros son iguais ou maiores cos Empregos de igual cualificación (\sum capítulos I a VII ingresos - \sum capítulos I a VII gastos) ≥ 0 , cos axustes preceptivos .

En igual sentido, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais coa regulación que lle está a dar, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria. O obxectivo de estabilidade ten que se estar a cumprir de xeito continuo.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012 e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, dun plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo de un ano, cos prazos de presentación, aprobación e implementación que regula o artigo 23.1 da Lei. En igual sentido, o artigo 19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, establece os requirimentos e prazos, aínda que neste último artigo, está a establecer un prazo de tres meses para a aprobación do PEF, polo que será de aplicación o previsto no artigo 23.1 da Lei Orgánica 2/2012.

Como xa sinalamos anteriormente, o recurso que financia unha parte da modificación orzamentaria que se informa, é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, este recurso, impútase ao capítulo VIII da estrutura do estado de ingresos. En canto ao estado de gastos, a modificación suporá un incremento de gastos financeiros no capítulo IX, polo que, non hai alteración (desequilibrio) de recursos nin empregos financeiros, é dicir, o financiamento que está a facer o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais para facer fronte a amortización extraordinaria dos préstamos concertados nos anos 2011 e 2012, non é xeradora de desequilibrios, por afectar a operacións financeiras, capítulos VIII do estado de ingresos e IX do estado de gastos.

É dicir, a modificación orzamentaria proxectada non provoca un desequilibrio en termos de Estabilidade Orzamentaria, dando así cumprimento ao previsto no artigo 11 da LOEOSF, non sendo necesario a tramitación dun Plan Económico Financeiro.

V.- Cumprimento da Regra e Teito de Gasto

En canto ao cumprimento da Regra e o Teito de gasto que regula o artigo 12 da LOEOSF, e o desenvolvemento da Orde do MINHAP 2105/2012, de 1 de outubro, así como a segunda edición da guía para o cálculo da Regra de Gasto, para a determinación das obrigas máximas para o ano 2013, deberáse ter en conta a seguinte información:

Gasto computable axustado da Liquidación do orzamento do ano 2012: 207.030.230,08 euros.

Gasto computable axustado, orzamento aprobado para o ano 2013: 212.122.988,30 euros.

Polo tanto, gasto máximo computable, unha vez feitos os axustes, será:

Gasto computable axustado Liquidación 2013 \div Gasto computable Liquidación 2012 * 1,017

$207.030.230,08 \times 1,017 = 210.549.744,1$ euros.

Para o cálculo, terase en conta a 2ª edición da Guía para a determinación da regra de gasto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

TV Gasto computable = $((\text{Gasto computable ano } n / \text{Gasto computable } n-1) - 1) \times 100$

A modificación que se está a tramitar que está a financiar o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, non afecta as operacións non financeiras, polo que o gasto executado, non é computable de acordo ao sistema de cálculo do teito de gasto, tan só computan os gastos dos capítulos do I ao VII, coa dedución dos gastos financeiros e dos gastos que teñan un financiamento con recursos afectados doutras administracións.

En resumo, o expediente cumpre co previsto no artigo 12 da LOEOSF

VI.- Sustentabilidade financeira

En cumprimento do previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, enténdose por tal, a capacidade para financiar os compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites do déficit e da débeda. Así mesmo, o artigo 7 do mesmo corpo legal, establece que os actos administrativos, os contratos e os convenios, deberán avaliar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Na mesma liña, o artigo 12, supedita o gasto ao cumprimento da regra e do teito de gasto, que non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

A memoria e Resolución da Alcaldía de data 19 de abril de 2013, en cumprimento do previsto na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente, está a facer unha valoración positiva, que queda cuantificada no aforro que vai a xerar a modificación orzamentaria que se está tramitando. Polo tanto, a modificación orzamentaria non só é susceptible de non producir cargas que poidan alterar a sustentabilidade financeira, senón que se está a conformar como un instrumento xerador de aforros.

A amortización dos préstamos, vai a ter un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, isto é evidente, hai un aforro da carga financeira das operacións que ivan a estar a devengar xuros os próximos 8 e 9 anos respectivamente, aínda que este custo non computa no cumprimento da Regra de Gasto, si na estabilidade. A aforro que produce nos orzamentos futuros, tendo en conta o plan de amortización de ambas operacións, é de 3.527.454,87 euros, todo elo sen prexuízo do efecto favorable que produce no orzamento corrente, que vai a depender do momento no que se faga efectiva a amortización. Tamén no futuro, o feito de non ter que facer fronte a devolución destes pasivos, tamén vai a ter un

efecto positivo, tanto no ciclo orzamentario como no financeiro.

En resumo, o expediente cumpre co principio de sustentabilidade financeira prevista no artigo 4 da LOEOSF, sustanciada no aforro do custo financeiro que xa se explicitou, calculado aos tipos que xuros que están a devengar na actualidade, e ao mesmo tempo, non ter que facer fronte a devolución dos pasivos nos anos que lle restan de vida as devanditas operacións.

VII.-Tramitación e aprobación do expediente.

Ao amparo do previsto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de Suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e o réxime de recursos na xurisdición contencioso-administrativo aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- ✓ Proposta con Memoria xustificativa do Presidente.
- ✓ Informe preceptivo do Interventor.
- ✓ Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

- ✓ Aprobación provisional polo Pleno da Corporación.
- ✓ Non se require quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a favor (Artigo 47 da Lei 7/1985).

- ✓ Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante devandito prazo ante o Pleno.

- ✓ O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resollen no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

- ✓ O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia.

- ✓ Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- ✓ A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

- ✓ Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

- ✓ A modificación entrará en vigor unha vez se produza a publicación no BOP, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

✓ Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

✓ De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

VIII.- Conclusión

Visto o contido do expediente relativo a modificación de créditos nº 22/2013 e a proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda de data 19 de abril, esta Intervención Xeral conclúe:

O recurso financeiro proposto como financiamento para a modificación de créditos que é obxecto de informe, axústase ao previsto no artigo 177.4 do TRLRFL e artigo 36.1 do RD 500/1990, sendo o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais un dos recursos previstos no ordenamento xurídico citado.

O gasto é concreto e específico, estando xustificada a modificación orzamentaria que é obxecto de informe.

A modificación orzamentaria dá cumprimento ao previsto no artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Dáse cumprimento ao previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non supor incremento algún no gasto non financeiro en termos SEC, por conseguinte, sen efectos no cómputo do teito de gasto.

Dáse cumprimento ao principio de substentabilidade financeira, xa que está a mellorar tanto os efectos sobre o Orzamento do ano 2013 como nos futuros orzamentos, por estar a diminuír a carga financeira. Así mesmo, tamén está a mellorar o ciclo orzamentario e financeiro, ao non ter que enfrontarse á devolución dos pasivos nos anos que restaban até a súa amortización total.

O órgano proposto para a aprobación do expediente, de acordo ao previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, artigo 38.1 do Real Decreto 500/1990, artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, é o competente.

A tramitación administrativa do expediente é a axustada a dereito.
En consecuencia, infórmase favorablemente.”

Visto o anterior, a concelleira delegada de Economía e Facenda na mesma data formula a seguinte proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación na súa sesión do 20.05.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como dicía antes son moitas as cuestións de xestión

económica que tivemos que facer nestes seis anos, falaba como exemplo que se estaban pagando como media 51 días e baixamos a 34 días. Pero en termos de débeda tamén nos atopamos que cando chegamos hai seis anos, a débeda que había no Concello era de 66,5 millóns, a día de hoxe é de 55,8 millóns tal e como se recolle en tódolos informes oficiais.

Nestes seis anos este goberno reduciu a débeda en 10,7 millóns de euros o que supón un descenso do 16%. Se falamos en porcentaxe de débeda cando chegamos era do 33,03; a día de hoxe é de 24,98%, unha caída de oito puntos porcentuais. En términos per cápita, hai seis anos a débeda por habitante era de 226,74 euros e a día de hoxe é de 187,85 euros, polo tanto reducimos a débeda per cápita en 38,9 euros por habitantes.

Esta xestión realizada ao longo destes seis anos é a que nos permite hoxe dicir que somos o Concello de réxime común menos endebedado de España, conseguimos esta xestión porque ano tras ano iamos consignando nos nosos orzamentos amortizacións dos distintos préstamos que fixeran os gobernos anteriores, entre eles os de case vinte millóns de euros que fixera o Partido Popular. Vese nos documentos contables como ano tras ano imos amortizando, no ano 2008, 2009, 2010, 2011 e no 2012 fixemos políticas de amortización de préstamos que o que nos levou a esta situación de diminución da débeda.

Tamén nos atopamos cando chegamos que os intereses que se pagaban por eses sesenta e seis millóns de débeda eran 3,2 millóns de euros. A día de hoxe, tal e como recollen os informes contables, os intereses que estamos a pagar pola débeda son de 2,2 millóns de euros. Polo tanto, ao longo destes seis anos conseguimos reducir os intereses da débeda nun millón de euros, isto conseguímolos con esa política de amortización de préstamos e cunha política de xestión que nos permitiu, a día de hoxe, liberar un millón de euros de gastos financeiros para poder destinalos a outros fines sociais, educativos e xeradoras de emprego.

Pois ben, o noso obxectivo é seguir con esa liña de amortización de préstamos pero incluso moito máis intensa, porque o que nos propoñemos como obxectivo no ano 2016 é ter débeda cero. Iso é o que traemos a este Pleno, unha amortización anticipada de préstamos por un total de 16,7 millóns de euros. Esta diminución vainos permitir no ano 2013 situarnos xa en só trinta e nove millóns de euros, pero

tamén propoñemos que ao longo dos seguintes anos, no ano 2014 e 2015, se vaian amortizando os distintos préstamos que van quedando, de maneira que no ano 2016 a débeda deste Concello sexa cero.

Tan só a operación que traemos hoxe de dezaseis millóns de euros sumados aos nove millóns de euros que xa están contemplados de amortización no Orzamento deste ano, vai supoñer este ano unha amortización de 25,7 millóns de euros, o que significa practicamente deixar a débeda á metade. Pero que significa realmente deixar a débeda á metade? Significa pagar a metade de intereses, iso é o que significa, de dous millóns de euros de intereses este ano xa se pagarían só un millón de euros de intereses. Estamos falando de que esta operación vai supoñer nun curto prazo, unha diminución en intereses de catro millóns de euros.

Polo tanto temos dúas opcións, ou pagar catro millóns de euros ao banco, un millón de euros xa, ou destinar eses cartos a políticas sociais, educativas e xeradoras de emprego. Esa é a opción que temos, ou aprobamos unha modificación orzamentaria que nos vai permitir liberar cartos para poder destinalo a fins sociais, educativos e empregos ou imos seguir regalando aos bancos un millón de euro este próximo ano, pero os seguintes anos, catro dous millóns de euros cada ano que sería o que estaríamos pagando ata o ano 2016.

Esas son as opcións que temos sobre a mesa, amortizar os préstamos este ano xa 16,5 millóns que sumados aos nove son vinte e cinco, progresivamente chegar a débeda cero e conseguir así unha liberación de recursos financeiros para actividades sociais.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego ten que expresar o seu desacordo e a súa sorpresa fronte a esta proposta. O desacordo fundamentalmente é por unha cuestión básica e é que para o Bloque Nacionalista Galego o obxectivo das administración locais é prestar servizos, sobre todo por parte dun concello.

Que ademais ten que facer fronte os constantes recortes en servizos por parte doutras administracións como a Xunta de Galicia ou o Goberno do Estado. E para nós ese é o obxectivo fundamental por iso non estivemos de acordo e non estamos de acordo coa reforma constitucional, que fixeron co acordo do Partido Socialista e do Partido Popular que establece como un sagrado sacramento o déficit cero, e non estamos de acordo coa lexislación que despois foi desenvolvendo o goberno do Sr.

Rajoy e que limita o gasto, que establece o famoso “teito de gasto” que impide dedicar os cartos que teñen as administracións locais para prestar os servizos que precisa agora mesmo a cidadanía.

Ademais, agora non só se lles limita o gasto senón que se lles obriga ás administracións a dedicar os cartos que teñen, os cartos públicos que temos, porque son cartos de todos/as, a darlles liquidez aos bancos. Iso é ao que nos obriga esta lexislación e isto é o que se está facendo con estas amortizacións de débeda obrigadas por parte das administracións,, para darlles liquidez ao bancos. Xa lles demos fondos públicos para mantelos, e agora tamén lles damos liquidez amortizando débeda obrigatoriamente por culpa da lexislación que aprobou o Partido Popular. Os únicos que gañan con estas operacións son os de sempre, os bancos, porque claro agora non teñen “cash” e necesitan cartos.

Non concordamos co obxectivo de que sexa o Concello de Vigo o primeiro gran Concello Europeo con débeda cero, a nós gustaríanos que fose o primeiro gran Concello Europeo con desemprego cero ou con fame cero, pero dende logo a débeda cero non é un obxectivo a curto prazo para o Bloque Nacionalista Galego.

Nós o que queremos é unha modificación lexislativa que nos permita utilizar os cartos de todos/as que agora mesmo están no Concello de Vigo, para prestar os servizos que a cidadanía precisa.

Temos que manifestar sorpresa polo cambio de posición do Goberno Local e do Alcalde, argumentan que non podemos regalarlles un millón de euros aos bancos, non, pero é que nós non queremos regalarlles un millón de euros aos bancos, en todo caso quen lle regalou un millón de euros aos bancos sería o Alcalde no momento que asinou a póliza de crédito, porque non sabía que cando se pide crédito aos bancos hai que pagarlle xuros? Non o sabia? Eu supoño que si porque ao fin e ao cabo é catedrático de economía.

En outubro de 2012 pídenselle practicamente dez millóns de euros a Novagaliciabanco e agora, antes de que comece o período de amortización, xa llos quere devolver. A verdade é que algo que non entendemos moi ben, é dicir, se pensamos como pedimos crédito cada quen na nosa casa, se eu teño cartos para comprar algo non pido un crédito para compralo, se teño cartos para comprar un coche non pido un crédito para comprar un coche, e se teño unha hipoteca para pagar un piso e podo pagar a hipoceta tódolos meses e podo vivir, non deixo de

comer, de vestir ou de comprarlles os libros de texto aos meus fillos para amortizar a hipoteca antes do prazo que lle corresponde. Que mudou dende outubro do ano pasado a agora? Pois a nós o único que se nos ocorre e que están máis preto as eleccións e a campaña electoral é o único que se nos ocorre. Os argumentos son propios dun alumno avantaxado do Ministro de Guindos, a verdade é que se Keynes levantase a cabeza estaría bastante sorprendido porque isto non é política keynesiana en absoluto. Parece que mentres sexan premios Nobeis o mesmo nos da Keynes que Milton Friedman, esperemos que a doutrina do “sock” tampouco sexa un credo para o goberno local desta cidade.

Xestione con máis sentido, reclame vostede dende a FEMP que se nos permita utilizar os nosos cartos para prestar os servizos que precisa a cidadanía e non para axudar ós bancos máis aínda do que estamos facendo, ten unha oportunidade de facelo. Como Vicepresidente da FEMP reclame unha modificación legislativa, porque o certo é que se mañá o goberno do Sr. Rajoy decide quitar un Decreto que nos permita utilizar eses cartos como fixo agora co superhábit, non os teremos, son dezaseis, case dezasete millóns de euros que tiñamos no Concello e que xa non teremos.

A PRESIDENCIA: Tería que ser Lei Orgánica en todo caso.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Díaz vostedes atoparon unha situación económica moi favorable, cando gobernou o Partido Popular en Vigo deixou este Concello cunha Tesourería boiante de máis de sesenta millóns de euros e cunha débeda que reduciu de cento oito millóns a corenta e sete. Pero as cousas con vostedes cambiaron, Vigo é hoxe o Concello de Galicia onde máis crece a débeda, un 21% o ano pasado. En Vigo hai cento un millóns de euros de débeda, debemos aos bancos sesenta e cinco millóns e ao Estado trinta e seis millóns das liquidacións negativas que temos que devolver.

Pero teño que dicir que coa súa proposta sorprendéronnos tamén como ao Bloque Nacionalista Galego, superándose. O Sr. Alcalde que é o estandarte das políticas expansivas de gasto, o gran defensor do “keynesianismo” parece que tivo unha revelación, non sei se en forma de paxaro como o sucesor do Sr. Hugo Chávez, a boas horas Sr. Alcalde, levan seis anos subíndolle os impostos aos cidadáns e

nosoutros advertíndollo. O Bloque Nacionalista Galego e o PSOE póñense de acordo ano tras ano en subirle os impostos municipais aos cidadáns e en pedir prestado aos bancos, porque Sra. Veloso en 2008 este concello pediu 16,7 millóns aos bancos; en 2009 dez millóns de euros; en 2010 vinte e sete millóns de euros; en 2011 once millóns; en 2012 pediu 9,7 millóns; en 2013 9,1 millóns, pedíndolle aos bancos e pagando intereses porque dende o ano 2008 levamos pagado de intereses once millóns de euros, dos vigueses/as, que saen dos seus petos, ós mesmos aos que machaca con multas de tráfico para pagar estes intereses ou aos que lles machacan subíndolle os impostos municipais, porque pagamos a auga máis cara de Galicia, o transporte, o IBI, o Imposto de Circulación.

Pero dígame Sr. Alcalde, que premio Nobel o chamou por teléfono para dicirlle que o mesmo mes de maio de 2013 que vostede vai ao banco a pedir nove millóns de euros prestados, á semana seguinte vai ao mesmo banco e dille que lle devolve eses nove millóns de euros que teño un préstamo anterior que quero cancelar o do ano 2011, o do banco pensará “vostede para que o pide”. Veño a cancelar o que teño a euribor+2 e quédome co que contrato a euribor+4,85, vostede é un xenio, vai ao banco a cancelar o préstamo máis barato e quédase co máis caro e véndenos aos vigueses que é para aforrar. Vostedes son os que sabían tanto de economía? A que están xogando? Cal é a súa política económica? Os vigueses mércense saber a verdade, saber que como vostedes están no Teito de Gasto e como non poden gastar máis teñen que utilizar a Tesourería só para cancelar débeda. Se queren facerlle caso a Keynes quédolle cunha frase “evitar impostos é o único esforzo intelectual que ten recompensa”, o que o Partido Popular pide é unha rebaixa de impostos aparellada a esta cancelación de débeda.

A PRESIDENCIA: Iso é o que lle dixo o Sr. Aznar ao Sr. Rajoy.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Xa o dixo o Sr. Alcalde, hai outros que lle din a vostedes, dentro da súa propia casa, que son vostedes os primeiros que teñen que empezar baixando impostos.

Estamos falando de Vigo, e de novo se comproba que vostedes minten cando falan de impostos municipais, en concreto do IBI, porque os últimos datos do Ministerio de Facenda demostran que o IBI en Vigo sae case o 20% menos que Santiago de

Compostela, Ourense, Lugo ou A Coruña e comparado con Madrid, onde vostedes gobernan, xa nin lles conto.

Lémbrolle Sr. Fidalgo, que foi este Pleno o que decidiu non subir a tarifa da Auga que si subiron en A Coruña ou decidiu non subir as taxas do autobús que si subiron en Madrid, por exemplo. Polo tanto, este goberno foi o que aprobou as baixadas nas tarifas do autobús e a conxelación da tarifa da Auga. Que foi o que fixeron os do Partido Popular noutras cidades? Subírona. Que foi o que fixeron os do PP noutras cidades co Transporte? Subírono. Iso é o que estaría facendo o Partido Popular aquí en Vigo se estivera gobernando e non lles gusta este Plan de Amortización de préstamos porque dentro deste Plan van os plans que concertaron tanto o Partido Popular como o Bloque Nacionalista Galego, porque cando estiveron gobernando o Partido Popular tamén concertou préstamos e o Bloque Nacionalista Galego tamén, pero eles ao que se comprometeron non queren votarse atrás, pero nós non somos os amigos dos bancos, e temos unha Lei, nos guste ou non, que di “que hai un Teito de Gasto”, xa nos gustaría a nós gastar máis pero nós non impuxemos esta Lei.

En actividades, como as bolsas en comedor que vostedes deixan de dar, o outro día estaba falando cun neno que estaba moi triste porque non lle deran unha bolsa, un neno que se chamaba Martín e ten 14 anos e se quere máis datos doullos.

Sinto discutir coa Sra. Veloso, as políticas keynesianas son políticas de gasto, polo tanto estes cartos permitiríanos facer política keynesiana de gasto, porque sería para gasto social, educativo, produtivo. Iso é o que estamos a dicir, que nesta situación actual, neste contexto actual, temos unha Tesourería que nos permite amortizar os préstamos, deixar de darlle eses cartos aos bancos e darllo aos cidadáns porque é o momento que os cidadáns o necesitan.

Estamos falando de que xa reducimos ao longo destes seis anos, un millón de euros nos bancos para darllos aos cidadáns pero queremos ser máis, queremos seguir dando moitos máis aos cidadáns que o necesitan e o merecen.

VOTACIÓN E ACORDO: Con once votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, trece abstencións dos membros do

Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACORDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 22/2013, Suplemento de crédito, por unha contía de 16.656.233,44 euros, para facer fronte a amortización extraordinaria dos préstamos concertados no ano 2011 coa entidade financeira BBVA e o concertado no ano 2012 con Novagalicia Banco.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, os orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Apli/conce pto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicación s	Inicial	Suplemen to	Final
87000	82.338.60 0,35	16.656.23 3,44	65.682.36 6,91	0110.9130 200	1.037.209, 35	8.297.674, 83	9.334.8 84,18
				0110.9130 200	928.728,7 4	8.358.558, 61	9.287.2 87,35
Total		16.656.23 3,44		Total		16.656.23 3,44	

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cuales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións considerarase denegadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobado definitivamente a modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da sua publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, éstas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas

así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

4.- PROPOSICIÓN MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓN:

5.1(88).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO MINISTERIO DE XUSTIZA DO GOBERNO DE ESPAÑA QUE NA REDACCIÓN DA LEI DE DEMARCACIÓN E PLANTA XUDICIAL SE RESPECTE VIGO COMO PARTIDO XUDICIAL. EXPTE. 654/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de maio, número 654/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte,

MOCION

“Dende fai moitos anos Vigo conta con Partido Xudicial propio que engloba ademais

da cidade de Vigo, os concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar. Dito partido conta na actualidade con 37 unidades xudiciais, e afecta a unha poboación de 341.212 habitantes.

Nas últimas datas, unha comisión de expertos estudan a “Proposta de reforma da lei orgánica do poder xudicial e unha proposta de texto articulado da lei de demarcación e planta xudicial, coa que parece poderá optarse por unha única demarcación de ámbito provincial.

O Partido xudicial de Vigo é o que mais asuntos ingresa da comunidade, e uno dos que máis ingresa de todo o Estado, estando a cabeza do mesmo na ratio poboación/asuntos ingresados. No último ano Vigo ingresou preto de 88.000 novos asuntos, mentres que a seguinte na provincia foi Pontevedra con 18.000, o que ven a indicala importancia do Partido Xudicial da cidade.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Que por parte do Pleno da Corporación se inste o Ministerio de Xustiza do Goberno de España a fin de que na redacción que se faga da Lei de Demarcación e Planta Xudicial respéctese o Partido Xudicial de Vigo como partido xudicial propio; e do mesmo modo que por parte do Pleno da Corporación comuníquese este acordo a Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia a fin de que faga a defensa correspondente perante o Ministerio cando sexa consultado sobre o tema.”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 20 de maio, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Hai dúas mocións similares en contido aínda que teñen formulación diferente, a 5.1 e a 5.3, propoñería que se fixera o debate conxunto e a votación separada, iniciaría o Grupo Popular con cinco minutos, continuaría o Grupo Socialista con cinco e o Bloque Nacionalista Galego con cinco minutos, Partido Socialista con tres minutos e remataría co Grupo Popular con tres minutos, se lles parece.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe traemos a este Pleno unha moción que nos parece que é moi importante para esta cidade, que é propoñer ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo: que por parte do Pleno se inste ao Ministerio de Xustiza do Goberno de España a fin de que na redacción que se faga da Lei de Demarcación e Planta Xudicial se respecte o Partido Xudicial de Vigo como propio, e do mesmo modo, por parte do Pleno da Corporación se comunique este acordo á

Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia a fin de que se faga a defensa correspondente perante o Ministerio cando sexa consultado sobre o tema.

Nós consideramos dende o Grupo Municipal que esta reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da Lei de Demarcación e Planta, que é un traballo previo ó anteproxecto e que é un informe de expertos para facer un borrador, ten os seguintes pasos, primeiro a aprobación no Parlamento pero tamén consulta previa ás Comunidades.

Parécenos que a defensa de Vigo e o do Partido Xudicial ten diversos argumentos que podemos reflectir, primeiro que Vigo multiplica por cinco a actividade xudicial da provincia de Pontevedra, creo que Vigo é un caso único como todos vostedes saben, ten na súa área xudicial 341.000 habitantes e trátanse 88.000 asuntos, se facemos algunha comparativa con outras cidades atopámonos que Pontevedra, con 112.000 habitantes na súa área xudicial ten só 18.000 casos, polo tanto Vigo multiplica por cinco a actividade xudicial da provincia de Pontevedra. Santiago ten 32.000 casos, O Ferrol 23.000, Gijón 45.000, Hospitalet 55.000, e por darlle un dato dunha cidade parecida ou similar, incluso con maior número de habitantes, como é Valladolid no seu Partido Xudicial de 463.000 ten tan só 61.000 asuntos comparado cos 88.000 de Vigo, por iso que este é un argumento fundamental, consideramos que Vigo debe manter o seu Partido Xudicial. En Vigo a maiores temos trinta e sete unidades xudiciais, máis dúas seccións da Audiencia, a quinta e a sexta, e cinco dependencias propias como poden ser o Colexio de Avogados, de Procuradores, Clínica forense propia, Rexistro Civil, dependencia da Fiscalía etc.

Todo isto lévanos a concluír que non respectar a singularidade de Vigo sería un erro histórico e debemos corrixilo, estamos a tempo de modificalo nós envíamos un documento do noso grupo político ao Ministerio, ao propio Ministro, tivemos algunha conversa co Ministro que manifestou que nos contestaría a este escrito e tamén a través dos nosos parlamentarios, autonómicos, porque a consulta desta Lei ten que ir a unha consulta previa á Comunidade Autónoma, polo tanto tamén llo trasladamos aos parlamentarios autonómicos e por suposto ao vicepresidente da propia Xunta de Galicia como responsable deste asunto. A maiores, aos nosos parlamentarios nacionais e tamén imos facer a presión que sexa necesaria con respecto ao noso partido, a través dos nosos órganos internos do partido, para que reconsideren esta postura dende o Ministerio.

Creo que a singularidade de Vigo vense demostrando no só nestes asuntos senón nas características que ten todo Vigo e toda a súa Área metropolitana, dende unha decisión que se tomou da Xunta de Galicia de ampliar de catro a cinco as delegacións da Xunta de Galicia, da Área Metropolitana propia que temos aprobada, aínda que saben todos vostedes na situación na que se atopa, temos unha Zona Franca propia, un Porto de interese do Estado propio, un Axencia Tributaria propia, Aduana propia, Axencia da Pesca, incluso temos tamén un Euro-rexión que é Norte de Portugal-Galicia cun organismo como é o Eixo Atlántico. En definitiva, creo que tódalas características do noso entorno, da nosa Área metropolitana nos leva a concluír nesta singularidade e polo tanto de manter o Partido Xudicial de Vigo.

Nós consideramos que temos que facer unha presión conxunta de tódolos estamentos e toda a sociedade viguesa, e dende logo o Partido Popular está nesa dirección, está a disposición de tódolos organismos e de tódalas entidades e imos intentar facer a presión onde sexa necesario para que se reconduza esta decisión e que Vigo siga mantendo o seu Partido Xudicial.

SR. LÓPEZ FONT: Traemos unha moción a este Pleno en relación con outro tema que fai sufrir á cidade, se pouco era as taxas xudiciais, a privatización do Rexistro Civil, o que é evidente, hai uns minutos un concelleiro do Partido Popular falaba do sufrimento desta cidade e unha decisión como a que se pretende tomar dende o Ministerio de Xustiza tamén faría sufrir a esta cidade.

O Partido Xudicial de Vigo arranca en 1810 e é decretado en 1834, é dicir, estamos falando do século XIX, dise pronto. Constituíuse este Partido Xudicial seguindo criterios de todo tipo: poboacionais, económicos, criterios que se mantiveron ao longo destes 200 anos, nestes anos funcionou correctamente baixo a premisa de achegar a xustiza aos cidadáns, esta debe ser a pretensión de todos.

Diciase anteriormente, e compartimos esta parte central, de que é o Partido Xudicial que máis asuntos ten, non vou a mencionar ratios porque xa se mencionaron anteriormente, unha diferenza enorme dunha proporción de un a cinco con respecto a Pontevedra e con respecto a outras cidades similares. Con que nos atopamos e en que situación estamos? Con que unha Comisión de expertos quere marcar unha única demarcación provincial, sen excepcións e nos atopamos

con que tódolos sectores sociais, tódolos sectores económicos están en contra desta proposta, desta decisión. Non existe dúbida, non debería tela ningún grupo político, dende logo nós dende o Partido Socialista non a temos e estamos polo mantemento do Partido Xudicial en Vigo.

Como dicía anteriormente, tódolos sectores sociais están en contra porque é difícil opinar o contrario, aquí é onde non vale a indiferenza, non valen as siglas do partido nin facer política de partido, aquí é onde as institucións, este Concello, a Xunta de Galicia téñense que posicionar claramente en favor desta cidade porque ademais é un criterio totalmente racional. Esta cidade é o suficientemente importante, abarca os suficientes asuntos xurídicos como para que isto se manteña, e é aquí onde a defensa da cidade debe estar por riba de todo, fronte a posturas tan irracionais. O interese debe ser o público, o manter algo que funciona correctamente, porque a pregunta é quen quere cambiar e por que motivo quere cambiar a actual estrutura que está funcionando? Quen quere prexudicar aos vigueses para que teñan que desprazarse á cidade de Pontevedra e esta cidade perda o prestixio e o contido social e económico que ten?

O pronunciamento deste Pleno debe ser claro, e hai dúas opcións, a opción máis razoable que comparten tódolos sectores sociais é manter dous partidos xudiciais. Pero é aquí onde nós cremos que hai dicir algo máis, e por iso o noso texto da moción que presentamos dicimos si ao mantemento dos dous Partidos Xudiciais, porque é así como veu funcionando, pero no caso de que a decisión política do Ministro de Xustiza, que así o manifestou na Comisión de Xustiza do Parlamento colocando á cidade de Vigo como sucursal de Pontevedra, insisto, se a decisión é un único Partido Xudicial este debe estar en Vigo. Aquí é onde, fronte ao error histórico que se pretende por parte do Goberno Central, terémonos que pronunciar os grupos políticos neste Pleno, aquí é onde non debe haber ningunha ambigüidade.

Polo tanto, como queira que as dúas mocións vansen votar de forma separada, nós propoñemos á moción que presenta o Partido Popular un texto de engadido no que se di, a parte do texto que aprobamos e que apoiamos, “instar ao Presidente da Xunta de Galicia a que manifeste expresamente o seu apoio a que Vigo sexa Partido Xudicial” e tamén outro engadido “se se mantén un único Partido Xudicial na provincia ten que ser o de Vigo”. Isto é o relevante fronte á pretensión política,

que non técnica, se se mantén un só Partido Xudicial este Pleno ten que dicir que debe ser o de Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: Preséntanse dúas mocións pedindo que se manteña o Partido Xudicial de Vigo porque se hai algo que consegue o Sr. Ruíz Gallardón, e sobre todo con esta proposta de modificación de eliminación de Partido Xudiciais, é poñer de acordo a todo o mundo, hai que recoñecerllo, consegue o consenso por oposición, ten o seu mérito.

O problema é que temos en riba do Partido Xudicial de Vigo e polo tanto da cidadanía de Vigo unha ameaza enorme porque sería un prexuízo terrible para a cidade de Vigo que desaparecese o seu Partido Xudicial. Todo o mundo o recoñece, tanto dende o sector xudicial ata as distintas forzas políticas, incluída o Partido Popular que esperemos que teña algunha influencia porque boa falta nos fará, pero sinceramente o Sr. Gallardón está demostrando que escoita bastante pouco.

Nós imos apoiar as dúas mocións porque temos moi claro que o Partido Xudicial de Vigo ten que seguir existindo, en Vigo necesitamos un Partido Xudicial, a súa eliminación sería un prexuízo terrible para a cidade, pero é que ademais deixar un só Partido Xudicial por provincia sería un prexuízo grave para toda a cidadanía, para todo o noso país. Nós estamos vendo unha proposta de modificación que nin sequera é realmente un anteproxecto, que non queremos e así estamos intentando que se faga dende o Congreso dos Deputados e dende o Parlamento Galego, que non queremos que chegue a ser sequera un anteproxecto. Nós non estamos de acordo en absoluto cunha proposta que o único que fai é afastar a xustiza aínda máis da cidadanía, despois do terrible golpe que supuxo a aplicación das taxas xudiciais, que está afastando á cidadanía por cuestións económicas, de recursos económicos, dun dereito básico como é a xustiza, afastase aínda máis sen saber sequera cales son os beneficios, porque nós non sabemos cales son os supostos beneficios dunha reforma como esta.

Consegue as críticas de todo o mundo co cal parece que ninguén é capaz de adiviñar cales son eses supostos beneficios. Elimina xulgados, e eliminando xulgados evidentemente vai empeorar o servizo, sexa en Vigo o Partido Xudicial único da provincia de Pontevedra, ou sexa en Pontevedra, o servizo vai empeorar nun país como Galicia onde hai enormes atoamentos nos xulgados, agora mesmo

necesitaríamos máis xulgados no noso país, e o que se propón e xustamente o contrario, eliminar xulgados o cal suporía uns problemas maiores de resposta á cidadanía e un problema evidentemente de persoal. Isto supón para nós, como en tantas outras cuestións desgraciadamente, sobre todo cando falamos de servizos básicos como Educación, Sanidade e tamén como Xustiza un retroceso de décadas. Nós o que tamén temos claro é que ademais desta reforma que está avanzando daquela maneira o Sr. Gallardón, o Goberno galego non está a cumprir coas obrigas estatutarias en materia de xustiza e reclamamos da Xunta de Galicia que inicie os trámites para a súa transferencia, porque non está a cumprir coas obrigas estatutarias.

Nós queremos insistir en que na moción do Partido Socialista se faga referencia á necesidade de que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias, por iso propoñemos unha substitución do segundo punto da moción do Partido Socialista que diga “instar á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno Estatal a paralización desta reforma, o cal garantiría o mantemento do Partido Xudicial en Vigo, a cumprir as obrigas estatutarias en materia de xustiza e inicialos trámites para a súa transferencia”. Parécenos imprescindible que a Comunidade Autónoma, o goberno autonómico se comprometa na defensa do Partido Xudicial de Vigo. Nós insistimos, para nós é básico que en Vigo contemos cun Partido Xudicial e por iso imos apoiar as dúas mocións. Pero entendemos ademais que aquí é imprescindible o compromiso de tódalas administracións, o goberno autonómico ten competencias en materia de Xustiza, ten que reclamar ademais a súa transferencia en cumprimento das obrigas estatutarias e por iso propoñemos ademais esta emenda.

SR. LÓPEZ FONT: Valoramos como moi importante o que os tres grupos coincidamos na parte central do que estamos propoñendo, en que esta reforma que se pretende levar a cabo é volver a Vigo ao século XIX, a un sistema totalmente ineficaz en canto á xustiza, e isto é unha coincidencia de tódolos sectores sociais. Polo tanto, creo que o Goberno Central, o Ministro de Xustiza debe reflexionar moi profundamente ao ver que tódolos sectores sociais da cidade de Vigo están en contra, porque é evidente que neste momento a cidade xógase moito, que é o momento en que temos que defender con argumentos, e déronse por parte dos tres grupos, para a defensa do Partido Xudicial. Tódolos sectores

sociais o definiron como ineficaz, irracional, houbo todo tipo de cualificativos para estar en contra desta reforma.

Nós insistimos en que o pronunciamento deste Pleno debe ser: ou manter a situación actual ou, en caso contrario de que se vaia a un modelo uniprovincial, sexa Vigo o Partido Xudicial desta provincia. Isto é importante, e é importante que se tome esta resolución porque senón é posible que pola vía parlamentaria se consiga perder o Partido Xudicial de Vigo. Creo que se deron tódolos argumentos, que os números son concluíntes, que a actividade que se xera nesta cidade e a importancia das institucións que hai nesta cidade require que Vigo sexa considerado como Partido Xudicial propio.

Nós mantemos a nosa moción, e con respecto á moción que presenta de substitución o Bloque Nacionalista Galego admitiríamola sempre e cando fose de adición, é dicir, sempre e cando o que se propón polo Bloque Nacionalista Galego, lido pola súa voceira, fose como adición porque cremos que nunca se debe substituír o punto segundo “de que en caso de que só houberse un Partido Xudicial sexa o de Vigo”, para nós isto ten importancia, cremos que a proposta polo Bloque Nacionalista Galego ten un carácter complementario, así o aprobamos e aceptamos e polo tanto votaríamos a favor e estaríamos de acordo de que en vez de substitución fose de adición

SR. FIGUEROA VILA: Non imos entrar nas matizacións, eu creo que o fondo do tema é o importante, onde todos estamos de acordo nun asunto que nos parece grave para esta cidade e que sería un erro histórico si se retrocedese na situación que temos agora e na posición que temos nestes momentos.

En calquera caso, á marxe de que nós imos aceptar as propostas que propón o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, cremos que o interesante neste asunto é buscar o máximo consenso e que os argumentos que acabamos de por enriba da mesa tódolos grupos políticos se poidan levar a cabo. Nós na nosa moción xa tiñamos “trasladar ao Ministerio de Xustiza do Goberno de España a fin de que, na redacción que faga da Lei de Demarcación de Plantas, se respecte o Partido Xudicial de Vigo como Partido Xudicial propio”, está claro, está matizado, non nos preocupa que a maiores se poida engadir calquera outra proposta dos grupos porque o que nos preocupa agora mesmo e que teñamos o consenso tódolos

grupos políticos, e os estamentos sociais, económicos, e por suposto á adxudicatura nesta cidade.

Nós xa lle remitimos un documento propio do noso grupo, creo que era o traballo que tiñamos que facer, documento que está recibido no Ministerio, que o ten o Ministro, que o teñen tódolos parlamentarios e nós dende logo imos seguir insistindo para que esta reforma contemple claramente o obxectivo fundamental, que Vigo sexa Partido Xudicial propio.

E non só isto, senón que as declaracións do propio Alcalde de Pontevedra van na mesma dirección, o Sr. Lores avoga por manter o Partido Xudicial de Vigo, polo tanto eu creo que xa non só da cidade, senón neste caso o Alcalde de Pontevedra ten claro cal é a proposta que hai que defender. Eu creo que os argumentos están máis que dados, o caso de Vigo é un caso único, nin outras cuestións que se podían propoñer como están entre Cartagena e Murcia, Oviedo e Gijón, Elche e Alicante, non teñen ningunha comparativa que se sustente nesta cuestión.

Eu creo que os deberes desta Corporación é estar todos de acordo, nós imos aceptar esas propostas con esas matizacións que se fagan.

Sr. Alcalde, o único que lle pediríamos sen ánimo de crítica porque non quero abrir outro debate, é que vostede se preocupe dunha vez por todas, de facer a cesión dos terreos para a Cidade da Xustiza que creo que sería importante para o futuro desta cidade. Hai que deixarse de confrontacións e intentar buscar un acordo para que busquemos a fórmula para que este asunto saia coa máxima unanimidade e o máximo consenso e deixemos de buscar enfrontamentos e confrontacións que non nos serven para nada.

Se se cometeron erros que se corrixan polas partes que sexan, pero a Cidade da Xustiza eu creo que é un tema moi importante.

A PRESIDENCIA: Neste momento a Xunta de Galicia ten unha proposta deste Concello de tomar posesión e asumir os terreos da Cidade da Xustiza con custe cero, polo tanto totalmente gratuíta. É a Xunta de Galicia quen nin tan sequera deu resposta a unha oferta que lle fai o Alcalde de Vigo directamente ao Presidente unha carta que todos vostedes coñecen, mediante a cal a Xunta de Galicia pode dispor dos terreos da Cidade da Xustiza con custe cero. Polo tanto estamos á espera de que a Xunta de Galicia tome a decisión de facerse con eses terreos, con

custe cero, e proceder á construción da Cidade da Xustiza, tamén sen ánimo de polémica llo estou a dicir.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación, que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, instando ó Ministerio de Xustiza do Goberno de España que na redacción da Lei de Demarcación e Planta Xudicial se respecte o Partido Xudicial de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2(89).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE E AO SERGAS EN RELACIÓN COAS LISTAS DE ESPERA. EXPTE. 425/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de marzo de 2012, número 425/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCION

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A publicación polo SERGAS dos datos correspondentes ás listas de espera a data 31 de decembro de 2011, pon en evidencia aspectos moi preocupantes respecto dun tema tan esencial. De acordo cos propios datos do SERGAS, aumentou o número de pacientes que agardan unha intervención cirúrxica ou unha consulta cun especialista médico. Desta forma, 320.000 galegos agardan por unha intervención cirúrxica, unha primeira consulta ou unha proba diagnóstica, e que nun ano sexan máis os que esperan e sexan máis os días que teñen que agardar para ser atendidos no sistema de saúde público. Por todo iso, hai uns 30.000 pacientes nas listas de espera oficiais e a media global de demora para unha operación cirúrxica foi de 83,8 días. O ano pasado concluíu con 1.250 persoas máis nas "listas de espera" para operacións cirúrxicas e cun aumento de 8 días na demora para unha intervención dese tipo.

Datos estes, que adquiren especial incidencia e gravidade na área sanitaria de Vigo.

SOLICITUDE:

Por todo o cal, en nome do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, solicito o pleno deste Concello aprobe a seguinte proposta:

- Demandar á Consellería de Sanidade e de Servizo Galego de Saúde, procedan a pór os medios necesarios para mellorar os datos de Listas de Espera en Galicia e, especialmente na área sanitaria de Vigo.
- Que se someta os datos de lista de espera a información transparente e contrastable polos profesionais e os representantes lexítimos da sociedade.
- Que proceda a expor en ámbito parlamentario os datos correspondentes á lista non estrutural.
- Que se impida aos directivos, de acordo coa normativa vixente, pechar as axendas para citas de consultas e probas e asígnese día e hora cando se solicite ou, en casos moi concretos, no prazo máis breve posible.”

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 19 de marzo de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En marzo do ano pasado, a raíz da publicación das listas de espera correspondentes a decembro do 2011, fíxose unha presentación por parte deste grupo sobre a dinámica das listas de espera e a especial incidencia da área de Vigo, moción que non se chegou a discutir en aras de buscar un consenso de cara á posibilidade de que mellorase durante este ano.

A realidade é ben diferente por desgraza, a publicación en abril, cun mes de atraso de acordo coa normativa vixente, dos datos da lista de espera de toda Galicia engaden máis preocupación, se cabe, ao que xa vimos durante os últimos catro anos. Especialmente significativo é a incidencia da lista de espera por abandono e discriminación da área de Vigo, tanto na súa evolución nos últimos anos como os datos referidos a Marzo de 2013. Vigo concentra a maior lista de espera da Comunidade Autónoma e o seu crecemento foi exponencial nos últimos catro anos, neste capítulo a Consellería é evidente que exerce unha función de falta de transparencia, maquilla os datos e engana aos cidadáns de Vigo.

Nos últimos datos publicados oficialmente, a Consellería declara a existencia de

6.061 pacientes en lista de espera no Hospital de Vigo o CHUVI, e 5.177 en POVISA, un total de 11.278 pacientes, é dicir, o 31,13% de tódolos pacientes en lista de espera de toda a Comunidade Autónoma. Estes datos corresponden á denominada “lista de espera estrutural”, que non inclúe aos pacientes ou rexeita a derivación a un centro concertado ou que están á espera médica ou que pospoñen a intervención por razóns persoais, aos que a Consellería fai desaparecer da lista de espera. A realidade é que en Abril de 2013 hai unha lista de espera cirúrxica na área de Vigo de 19.521 pacientes, só no Hospital de Vigo, e 5.177 en POVISA, un total de 24.698, é dicir, hai 13.460 en espera de ser intervidos no Hospital que non aparecen nas estadísticas oficiais. A Consellería, polo tanto, oculta o 54,4% pacientes de lista de espera na área de Vigo e un 69% dos que hai só no Hospital de Vigo, do total de pacientes un 68,3% esperan máis dun ano e un 22,8% máis de dous anos. Vigo atesoura o triste privilexio de concentrar case o 50% da lista cirúrxica de toda Galicia.

Ante esta situación, e como un deber deste Concello de velar polos intereses dos cidadáns, demanda, solicita Primeiro: demandar á Consellería de Sanidade e ao Servizo de Galego de Saúde procedan a poñer os medios necesarios para mellorar os datos de lista de espera en Galicia, e especialmente na área de Vigo.

Segundo; que se sometan os datos de lista de espera á información transparente, contrastable por profesionais e polos representantes lexítimos da sociedade.

Terceiro: que proceda a expoñer no ámbito parlamentario os datos correspondentes á lista non estrutural, é dicir, a oculta.

Cuarto: que se impida aos directivos, de acordo coa normativa vixente, a pechar as axendas para citar consultas e probas e se asigne día e hora cando se soliciten, ou en caso moi concreto nun prazo máis breve posible.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente hai datos e máis datos e por desgraza un tema como este que é moi recorrente neste Pleno da corporación como son os dos servizos básicos máis elementais, chámese sanidade, ensino, xustiza e demais porque evidentemente os grupos políticos que queremos e cremos nos servizos públicos, non nos queda máis remedio que traelos a este Pleno e aos demais Parlamentos habida conta do que é unha crua realidade o que é unha auténtica realidade.

A intención do Partido Popular de acabar, aniquilar o sistema público sanitario no noso país. Miles de columnas escritas en contra da escalada privatizadora da nosa Sanidade, miles e miles de manifestantes e de plataformas que veñen de reclamar día si e día tamén unha Sanidade pública, gratuíta e universal. Miles de persoas que hoxe xa, incluso na nosa cidade, non poden recibir a atención que precisan por non poder pagar simplemente un medicamento. Miles de vigueses/as que están a demandar un novo Hospital público e vostedes non só lle regalan este Hospital público a unha empresa privada, senón que tamén e debido a súa irresponsabilidade, hoxe en día está paralizada porque as obras están paralizadas. Diante de todo isto os señores do Partido Popular e o goberno da Xunta de Galicia mirando para outro lado, non escoitan absolutamente a ninguén, non escoitan as demandas claras e os berros contundentes da xente que se está dicindo que non poden ser atendidas de enfermidades graves porque vostedes están recortando a Sanidade pública, miran para outro lado ou máis ben dito miran para atrás, para os modelos franquistas de Sanidade pública, para a máxima franquista que era, quen poda atenderse que se atenda en seguros privados e quen non que se aguante. Esa é a súa máxima, que se salve quen poida porque os nosos amigos, os que teñen os hospitais privados fan negocio e os nosos amigos, poden pagarse os seus seguros privados. As listas de espera son un bo exemplo desta política, o Sr. Presidente da Xunta na campaña electoral, prometeu que en tres meses ía acabar coas listas de espera, igual que o déficit cero, que igual que o paro cero ía ser listas de espera cero. Xa vemos en que se converte a eliminación das listas de espera, agora temos máis pacientes agardando por unha intervención, temos máis demora e máis ocultación de datos á hora de establecer e de asignar citas previas, e o que é máis grave, un exemplo concreto, unha muller que tiña que ser revisada despois dunha operación de cancro no pasado mes de marzo, unha semana antes chamáselle por teléfono díselles que non pode ser atendida nesa cita e se lle pospón a cita sete meses despois, unha muller que tiña que ser atendida nada máis e nada menos que en marzo deste ano. Esa é a política sanitaria do Partido Popular, ese é o deterioro constante e programado ideoloxicamente do sistema público sanitario. Repito, para que? Para que as grandes compañías aseguradoras e os grandes hospitais privados sigan facendo o seu negocio.

O BNG vai seguir na loita pola defensa do que tanto nos custou conquistar, así

seguiremos levando iniciativas como xa o estamos facendo aos distintos Parlamentos, ao galego e a do Estado para que esa voz que vostedes non escoitan de miles de persoas que reclaman algo básico como é a saúde pois podan ser escoitados. Por isto anunciamos o noso voto favorable á moción presentada polo Partido Socialista.

SRA. CENDÓN ALONSO: Outra vez máis atopámonos cunha manobra para derivar os auténticos problemas que este goberno ten a obriga de atender. Nesta ocasión dunha maneira máis basta, porque con manobras de auténticos trileros escóndese unha moción na que teríamos a oportunidade de debater sobre a pésima xestión do goberno no afundimento do Auditorio desta cidade, para rescatar do caixón dos esquecidos, unha moción de marzo de 2012, que só ten por obxectivo o de sempre, desestabilizar o goberno da Xunta de Galicia, o goberno que non acadaron nas urnas. Antes o Sr. López Font dicía que traíamos mocións que fan sufrir á poboación, nesta ocasión facemos o contrario Sr. López Font, retiramos mocións que fan sufrir á poboación e que poderíamos resolver, pero é que non interesa iso. Datos de lista de espera non estrutural, vaia por Deus Sr. Rodríguez Escudero, polo menos tivo a decencia de actualizalos un pouco porque presentaba na moción os datos do 2011. Vostede que tivo a oportunidade de implantar o que agora propón e pide que o fagan outros, inaudito. Pretende espiar pecados antigos, Sr. Rodríguez Escudero? Léolle textualmente o que dicía vostede entón, cando se lle pedían os datos da lista de espera non estrutural: “o SERGAS axústase á normativa que obriga a publicar só a lista estrutural, a non estrutural non é atribuíble á organización nin aos recursos dispoñibles, senón a razóns de tipo médico”, polo tanto respóndolle coas súas verbas.

Con respecto ás axendas pechadas, pois mire vouno remitir tamén á hemeroteca da súa xestión, “o Sr. Touriño admite que hai axendas pechadas en hospitais pero pide que non se cree alarma”, “listas pechadas en cardioloxía poñen unha vez máis en evidencia ao Presidente da Xunta”, “a Sanidade pública funde a credibilidade do Sr. Touriño”, isto no momento que vostede presidía o SERGAS, a quen pretende dar leccións Sr. Rodríguez Escudero?. Vou a explicar súas das dúas apostas por mellorar as listas de espera, a primeira consiste en que nun só día e, por suposto, en vésperas de presentarse ante os medios de comunicación para dar os datos,

desaparecen 19.000 pacientes, pero non desaparecen porque sexan intervidos ou atendidos senón porque vostede puxo en marcha unha manobra informática para falsear os datos. Os servizos de admisión a esta manobra que vostede deseñou chámanlle o efecto “Cayetano”, coloquialmente todo o mundo o coñece así, unha práctica fraudulenta.

Segunda estratexia de xestión nas listas de espera do Sr. Rodríguez Escudero, vostede accedeu á Presidencia do SERGAS despois da destitución fulminante dunha persoa que encargaba estudos millonarios para o novo hospital de Vigo a empresas das que el participaba, este señor despois do SERGAS pasou a un hospital privado ao que previamente lle firmou un concerto substancioso. E para pechar o círculo, a Xerente de Área de Ferrol, a Sra. Busaderas, envioulle unha atenta carta a tódalas persoas incluídas en lista de espera onde lles invitaba a operarse neste hospital privado que xerenciaba o anterior xerente do SERGAS e isto coa mirada do Sr. Rodríguez Escudero. Vostede que pretende que volvamos a estas prácticas? Pois non.

Pero dende logo a auténtica foto deste tema é esta, cando vostede estaba no SERGAS, un de cada tres pacientes pertencía á lista de espera de Vigo e vostede dicía “iso só pasa por impulsar o funcionamento do novo hospital”, e vostede o único que fai e vir aquí a pedir o rescate, a paralización do hospital, eu pensaba que vostede aínda tiña dignidade e que se escondía nesta foto, agora o que penso é que o Sr. Vázquez o que lle dixó foi “colócate detrás porque é unha vergoña que apareza o que afundiú o noso goberno na foto”.

Moitas grazas por acompañar ao Sr. Beiras a visitar por primeira vez o novo hospital de Vigo que está en construción.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Foi incapaz en cinco minutos de desmentir nin un só dato dos que puxen enriba da mesa, nin un, só falar inxustamente dun pasado que non existe.

No Parlamento de Galicia expúxose, tanto a Conselleira como eu, os datos de lista de espera non estrutural, aquí están as páxinas dos xornais, mentira polo tanto de que non se deron. Segundo, tódolos datos de lista espera dende o ano 2007 ata o 2009 foron auditados por primeira vez pola Inspección de Servizos Sanitarios, aí están os datos a súa disposición; polo tanto, nada desas manobras que di vostede

se acollen á realidade.

Respectei totalmente, a pesar das barbaridades que dixo, o seu tempo e sempre o fago, vostede non, porque vostede parece que ten un déficit democrático nas súas actuacións nesta sala e en xeral.

Polo tanto, nin un dos datos que vostede dixo se corresponde coa realidade, tódolos datos da lista de espera dende o 2006 ao 2008 foron auditados pola Inspección de Servizos Sanitarios, algo totalmente independente e fora da xestión do que é a responsabilidade que naquel momento mantiña.

Segundo, está dicindo que mente a Inspección de Servizos Sanitarios? Dígallo cando volva vostede dentro dun rato alí. Esta mentindo, está poñendo en evidencia aos seus propios compañeiros, que pouca dignidade ten vostede como profesional para poñer en dúbida aos seus propios compañeiros da Inspección de Servizos Sanitarios, e iso non o admito como profesional porque síntome indigno como persoal do SERGAS que vostede poña en dúbida aos profesionais deste servizo. Vostede foi incapaz, en cinco minutos, de rebater sobre ningún dato que puxen aquí, esa é a triste realidade e a herdanza que estamos vivindo e recibindo de cinco anos de lexislatura do Sr. Feijóo.

Polo tanto, non hai máis que dicir, vostede neste momento quedou deslexitimada para poder poñer en evidencia o que se dixo aquí anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, demandando da Consellería de Sanidade diversas medidas

relacionadas coas listas de espera do SERGAS, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3(90).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO MANTER A PERMANENCIA DE VIGO COMO PARTIDO XUDICIAL. EXPTE. 657/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2013, número 657/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCION

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se o das taxas xudiciais e a intención do Ministerio de Xustiza de privatizar o Rexistro Civil xa tiñan acendidos os ánimos en Vigo, a reforma que podería poñer en risco a supervivencia do Partido Xudicial vigués acabou de caldealos.

Todas estas medidas caen como auténticas bombas de racimo desde o Ministerio de Alberto Ruiz-Gallardón. Impulsa esta nova formulación chocando frontalmente co rexeitamento de todos os sectores da xudicatura viguesa, do PSdeG-PSOE e a tibieza dos outros dous partidos municipais, que se opoñen a unha concentración dos órganos xudiciais na cidade de Pontevedra.

O partido xudicial de Vigo figura oficialmente desde 1810 coa primeira división do territorio en 47 partidos xudiciais decretada no ano 1834.

Estas divisións do século XIX fixéronse seguindo criterios xeográficos, poblacionais, económicos, etc... para manter en Vigo o seu Partido Xudicial como fixeron as sucesivas reformas na xustiza desde fai case 200 anos.

Reducir agora a catro os Partidos Xudiciais galegos que terían a súa sede en cada unha das 50 capitais españolas supoñería un retroceso de case dous séculos para a primeira cidade de Galicia.

As consecuencias inmediatas desta arbitraria decisión é que desaparecería a demarcación xudicial de Vigo, perderíanse as dúas Salas da Audiencia Provincial, non habería Xulgados de Primeira Instancia e concentraríanse na cidade de Pontevedra os Xulgados de Familia ou de Violencia Doméstica, medidas estas que van en contra dos principios democráticos de achegar a xustiza aos cidadáns.

O sistema xudicial necesita leis redactadas e aprobadas por consenso de todos os grupos parlamentarios.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDO

-Instar ao Goberno Central a contemplar a excepcionalidade no caso de Vigo mantendo a permanencia do Partido Xudicial.

-Si se mantén un único Partido Xudicial na provincia, ten que se o de Vigo.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de maio de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

No transcurso do debate, a voceira do grupo político municipal do BNG, Sra. Veloso Rios presenta a seguinte emenda de substitución:

“Instar á Xunta de Galicia a reclamar do goberno estatal a paralización desta reforma, a cumprir as obrigas estatutarias en materia de xustiza e iniciar os trámites para a a súa transferencia.”

DEBATE.- Como se indica no debate do punto 5.1 da Orde do Dia o deste punto realizouse conxuntamente co debate do punto 5.1.

A PRESIDENCIA: No punto 5.3 hai unha emenda do Bloque Nacionalista Galego que foi aceptada como emenda de adición por parte do Grupo Socialista, se lle parece ben ao Bloque Nacionalista Galego. Votamos a emenda do BNG como de adición á proposición do Grupo Socialista.

Ao seren aceptada a anterior emenda pero como de engádeda non de substitución, polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa engádeda do BNG, quedando do seguinte texto:

1º.- Instar ao Goberno Central a contemplar a excepcionalidade no caso de Vigo mantendo a permanencia do Partido Xudicial.

2º.- Si se mantén un único Partido Xudicial na provincia, ten que se o de Vigo.”

3º.- Instar á Xunta de Galicia a reclamar do goberno estatal a paralización desta reforma, a cumprir as obrigas estatutarias en materia de xustiza e iniciar os trámites para a a súa transferencia.”

A PRESIDENCIA: Quero mostrar a miña satisfacción por haber conseguido o consenso dos 27 membros deste Pleno nestas decisións tan importantes dos puntos 5.1 e 5.3 co relación ao Partido Xudicial de Vigo.

5.4(91).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO CONSELLERÍA TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA A ADICAR POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO NA CIDADE EN FUNCIÓN DA SÚA POBOACIÓN E NÚMERO DE DESEMPREGADOS, ELIMINANDO O TEITO FIXADO PARA OS PLAN DE COOPERACIÓN. EXPTE. 658/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito, de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2013, número 658/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte,

MOCION

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Municipal Socialista vimos presentando mocións que foron aprobadas en varios Plenos, instando á Xunta de Galicia contemplar á cidade de Vigo nas políticas activas de emprego, tendo en conta a súa densidade poblacional, o número de desempregados, os colectivos en risco de exclusión, etc.

Como sucede ao longo da lexislatura, estas mocións non tiveron ningún eco desde a Xunta.

O Presidente galego, Alberto Núñez Feijóo, asegura que o seu Executivo traballa para combater o desemprego na Comunidade malia as "poucas" competencias da Xunta en materia de emprego.

Lembrámoslle o Real Decreto 1375/997 sobre o traspaso á Comunidade na xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego nos ámbitos de traballo, emprego e formación.

O Goberno de Vigo aprobou no seu Orzamento para este ano, máis de 20 millóns de euros en políticas sociais e de emprego, mostra clara dun Goberno Local fortemente comprometido cos máis desfavorecidos, en contraste coa insensibilidade manifesta do Goberno da Xunta.

O resultado do Goberno do PP na Xunta de Galicia nestes 4 anos de goberno, é 287.400 desempregados. A comunidade galega rexistra 17.400 parados máis no primeiro trimestre de 2013 e alcanza unha histórica taxa de paro do 22,35% segundo os datos desprendidos da Enquisa de Poboación Activa.

Por si isto fora pouco, os recortes en servizos públicos e a Reforma Laboral perxudican seriamente que Galicia se poida recuperar: estamos en recesión, con aumento de número de desempregados, caída dos salarios, caída do consumo; en definitiva, coa política de Feijóo e o PP, produciuse un agravamento da crise.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

- Instar á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a dedicar a políticas activas de emprego na cidade de Vigo, cantidades en función da súa poboación e do número de desempregados, eliminando o teito fixado para os plans de cooperación."

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de maio de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Creo que poucas das cuestións que nos toca actuar é tan importante como a que se está dando agora mesmo en moitos cidadáns que é o desemprego. Quen ten as competencias en materia de políticas activas de emprego é a Xunta de Galicia, e dende o Grupo Municipal Socialista vimos Pleno

tras Pleno presentando mocións para que a Xunta de Galicia faga efectiva esas competencias que ten, competencias para facer unha política que realmente reactive a economía e que combata o desemprego. Pero vemos que a pesar de ser unha cidade con 300.000 habitantes cun número de parados importantes, a Xunta de Galicia séguenos tratando como municipios de 20.000 habitantes que poden estar no noso entorno. En concreto nos Plans de Cooperación pónennos un tope de 300.000 euros, unha cantidade similar a que pode optar o Concello de Mos, Cangas, Moaña ou o de Nigrán que teñen moitos menos desempregados e tamén moita menos poboación.

Pero vemos que a Xunta de Galicia, o seu Presidente Sr. Núñez Feijóo e o Partido Popular seguen a mirar para outro lado en canto a combater o desemprego e mellorar a economía da nosa comunidade autónoma e da nosa cidade en concreto. Cousa moi distinta a que está facendo este goberno municipal, encabezado polo noso Alcalde Abel Caballero, que ven facendo un esforzo cos impostos de tódolos cidadáns, un esforzo importante para que a economía e o desemprego da nosa cidade teñan un rumbo mellor. Aquí temos que dicir alto e claro as inversións que se están a facer nesta materia, máis de vinte millóns de euros investidos en políticas Sociais e en políticas de Emprego, isto é a mostra clara dun goberno que está moi comprometido cos máis desfavorecidos en contraste coa insensibilidade que estamos a ver por parte da Xunta de Galicia.

O resultado do goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia nestes catro anos e que se incrementaron en máis de 90.000 o número de desempregados, temos unha taxa histórica de máis do 22,35% de desempregados/as segundo a enquisa da poboación activa. Por se isto fora pouco, os recortes en servizos públicos, a reforma laboral prexudica seriamente que Galicia se poida recuperar, estamos en definitiva en recesión, cun aumento do número de desempregados, caída dos salarios, do consumo, en definitiva, coa política do Sr. Feijóo e do Partido Popular prodúcese unha agravamento da crise.

En Vigo prodúcese un incremento dos empregados, fundamentalmente no sector servizos e cando falamos de reactivar a economía ou combater o desemprego vou a poñer só un exemplo moi gráfico, como é no sector servizos a taxa cero nas terrazas da nosa cidade para que se reactive a economía, para que se combata o desemprego. Outro dos exemplos, como son a renovación do abastecemento, do

saneamento da nosa cidade acompañado do embelecemento, das rúas. Políticas que fan que hoxe estean milleiros de persoas traballando na nosa cidade e que non estean no desemprego.

Da Xunta de Galicia votamos en falla un plan específico que combata este alarmante número de desempregados, o Sr. Feijóo non fala da situación crítica que se está a vivir en sectores estratéxicos, o aforro xa o afundiou, o sector naval esta camiño de fundilo completamente, os aeroportos onde debería facer unha declaración conxunta como a que fixemos sobre PESCANOVA, onde a Xunta de Galicia é socio, e non escoitamos para nada dicir sobre elo. De que falan o Partido Popular e Sr. Feijóo? Falan de recortes e de estreitar cada vez máis o cerco sobre as familias, sobre os parados e os poucos que xa teñen emprego.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente o problema do desemprego é o principal problema da sociedade. Galicia nestes momentos xa está como a vinte rexión europea en materia de desemprego de 271. Xa ten nestes momentos o 3% de paro no ano 2013 por riba do ano 2011, somos a rexión europea que ten máis do dobre de desemprego de toda Europa, máis de 290.000 desempregados, o 51% de mozos/as no desemprego.

Lembro que cando o Presidente Sr. Feijóo se presentou como candidato nas penúltimas eleccións dixo que en 45 días remataba co desemprego, hoxe temos que dicir que o Sr. Feijóo é o campión do desemprego, ten o honor de ser o presidente da Xunta que máis emprego destruíu, o grave non é esta situación senón que non toma nin unha soa iniciativa con esta situación tan grave.

No momento no que o sector naval se cae, o goberno do Partido Popular no Estado e na Xunta de Galicia son incapaces de dar unha alternativa ao sector naval, e o Sr. Feijóo desprazase a México e no anúncianos contratos que nunca se concretan, o que si concreta é a venda de Barreras para que o sector público mexicano, a través da empresa PEMEX, fágase co 51% das accións. Se vostedes teñen curiosidade e se achegan á páxina web de PEMEX di “que o obxectivo que persegue PEMEX, a través do vehículo de inversión seleccionado, é transmitir a medio prazo o coñecemento tecnolóxico de Hijos de J. Barreras para crear capacidade construtora de buques especializados en México”, isto é o que fai o Sr. Feijóo axudar a vender empresas competitivas do sector naval para que outros utilicen a nosa tecnoloxía.

Efectivamente non é o Concello de Vigo que ten a responsabilidade final neste tema tan importante como é a do emprego, quen ten a competencia é o goberno do Estado e o da Xunta de Galicia, por isto o Bloque Nacionalista Galego en tódalas administracións onde está, nos Parlamentos, está continuamente dando iniciativas e alternativas á política do Partido Popular que está destruindo emprego de maneira masiva.

Vimos de presentar nos últimos días, iniciativas no Parlamento do Estado para solucionar o problema do tax lease do sector naval, no Parlamento Galego temos presentado tamén iniciativas para dar solución ao problema da industria, mentres que o Sr. Feijóo e o Partido Popular miran para outro lado.

É no Estado e na Xunta onde hai competencia e pódese cambiar a situación deste problema tan grave como o desemprego, as administracións, os concellos, non nos podemos quedar de brazos cruzados. Por isto, cando o Sr. Santos facía referencia ao investimento que o Concello fai en políticas de emprego, quero lembrar que foi o Bloque Nacionalista Galego o que nos Orzamentos do ano 2011 e do 2012 puxo emendas para adicalas en emprego e condicionar a aprobación dos Orzamentos, porque para nós era un problema fundamental. Cando estes orzamentos chegan o que hai que pedir a esas administracións e que o reparto o faga de maneira equitativa, por isto o Bloque Nacionalistas Galego propuxo, para estes Plans de Cooperación, que a Xunta de Galicia chegara a un acordo coa FEGAM para que as reparticións foran para tódolos concellos unha base, un módulo mínimo e despois o resto dos cartos se repartira en función dos desempregados do concello, e non con criterios partidistas e de quen governe as administracións.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndeme que dende o Bloque Nacionalista Galego comecen e acaben a moción que presentan de emprego coa petición á Xunta de Galicia para incrementar os Fondos de Cooperación, que todo o debate fora con respecto ao sector naval cando deberían facer unha reclamación ao Sr. Almunia que é o que ten competencias neste momento con respecto a este tema.

Sr. Rodríguez Díaz, cos problemas que se lle presenten no concello de Vigo pola súa política escura de enchufismos, de colocar aos amigos, de empregar afines políticos e demais familia, non sei como se lle ocorre perder o tempo presentando unha vez máis esta moción, un ano máis a mesma moción que, un ano máis, non vou a

perder o tempo en contestarlle Sr. Rodríguez Díaz. Vaiase aos orzamentos da Xunta de Galicia e observe que este ano hai dezasete millóns de euros para políticas activas de emprego. Abel Caballero adxudica a unha compañeira de Executiva un contrato de 800.000 euros, próximos ao Sr. Rodríguez Díaz gañan as prazas de Plan de Emprego, sospeitosa a axuda municipal ao concerto de Melendi. Non é algo que eu teño que demostrar, está publicado en tódolos medios de comunicación, niso é no que teñen que traballar.

Como ben lle dicía, hai 17 millóns de euros para políticas activas de emprego en Vigo da Xunta de Galicia, como verá un 8,2% máis que no ano anterior, así a Xunta de Galicia destina en Vigo mais do tripo do que vostedes dedican as súas políticas keynesianas, que é a súa política “de dar emprego aos meus”. Vostedes reducen o Orzamento en Emprego en 165.000 euros, un 2,9% menos que o ano anterior, pero redúceno porque non saben xestionar, porque o pasado ano só se gastaron o 67% dos cartos que tiñan destinados para emprego, son incapaces de buscar iniciativas, proxectos ou alternativas diferentes. O triste é que teñen cartos para poder facer e o que fan é repartilo entre os seus e, como ven, son incapaces de repartilo todo.

O que fan é crear emprego precario, non consolidan postos de traballo e continúan con máis de mesmo e co seu sistema de clientes, que xa todos e todas coñecemos polos medios de comunicación. Gracias ao goberno socialista Vigo é a cidade de Galicia con máis paro dende que goberna Abel Caballero subindo un 88,1%, temos a taxa de paro máis alta da historia da nosa cidade, hai máis de 2000 comercios pechados, máis de 70.000 persoas viven hoxe en Vigo baixo o albor da pobreza, soben os impostos municipais, endebedan ao concello en cen millóns de euros, dan axudas millonarias a colectivos afíns, cos cen millóns de euros do Plan E non consolidaron nin un só posto de traballo, tódolos proxectos municipais en materia de emprego son un copia e pega do ano anterior, e o informe do Tribunal de Contas do Plan E subscribe que no pavillón vigués de Navia no houbo control na contratación de persoal e non se presentou a documentación dos traballadores da obra.

Pasamos señores do Partido Socialista de 17.000 parados en 2007 a día de hoxe 35.263, máis do dobre de parados ten a nosa cidade dende que vostedes gobernan. Sr. Rodríguez Díaz, repítolle, cos problemas que se lle presentan no concello de Vigo coa súa forma de facer política, non vou volver perder o tempo

falando do traballo que está facendo a Xunta de Galicia que inverte máis do triplo que vostedes en materia de emprego.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A Sra. García Míguez, para dicir que o Partido Popular non fai nada en materia de emprego, dedícase a difamar e a mentir. Sra. García é vostede unha difamadora e unha mentireira porque se vostede ten probas de todo iso que di, ten que ir ao xulgado agora mesmo, eu o que lle pido é que o retire.

En primeiro lugar, cando vostede fala do Naval e do Sr. Almunia, o Partido Socialista foi a Bruselas a xuntarse co Sr. Almunia para que o tax lease non tivera efecto retroactivos, o Sr. Feijóo vai facer viaxes a Cuba de turismo, pregúntelle se se vai a votar crema alí tamén.

En canto á política escurantista e de enchufes, e cando vostede fala de que hai axudas millonarias afíns, refírese á asociación da que vostede é beneficiaria e que participa, se refire a esa? Porque ao mellor os cidadáns non saben que a Asociación da que vostede é membro, recibe axudas deste Plan E, esa é a demostración de que son en concorrencia competitiva, o ano pasado e este ano está en proposta, para todos igual, claro e transparente. Cando vostede fala de que lle adxudicamos contratos afíns, pasan pola Mesa de Contratación e ao contrato que fai referencia por unha noticia nos medios de comunicación, xa vostedes, o Partido Popular, gobernando a Sra. Porro xa habían adxudicado ese contrato a mesma empresa. Sra. García Míguez vostede é unha difamadora e unha mentireira e iso é para esconder a ineficacia do Partido Popular en materia de Emprego.

No 2009 había para promoción de Emprego e para mercado de traballo, cando gobernaba o bipartido do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, 420.980,94 euros, sabe canto destina o Partido Popular, o Sr. Feijóo, a políticas de promoción de Emprego e de mercado de traballo neste ano? Pois destinan o 51,94% menos, é dicir 218.672,869, iso é o que vostedes destinan, non poden vir aquí a mentir, a dicir que invisten máis porque non é verdade, porque estes cartos estanos destinando vostedes a outras cousas que non é á creación de emprego ou promoción de Emprego. O que pedimos aquí Sra. García Míguez, e onde vostede tiña que estar embarcada, en anotarse ao que pedimos nesta moción que non é outra cousa que se atenda a esta cidade e aos cidadáns en función do seu número de habitantes e parados. Iso é o único que pedimos e lamentamos que vostedes

non se sumen a esta iniciativa.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Díaz, instando á Consellería de Traballo a adicar políticas activas de emprego na cidade en función do número de desempregados e poboación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(92).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-

Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de abril 2013 e 23 de maio de 2013.

1.2(93).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN ASINADAS POLOS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de abril de 2013 ó 23 de maio de 2013.

1.3(94).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 25.04.2013, SOBRE A DELEGACIÓN NO CONCELEIRO DE FOMENTO DA DIRECCIÓN TÉCNICA E POLÍTICA, XESTIÓN, SEGUIMENTO E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “INVESTIMENTOS DE MELLORA NO PATRIMONIO MUNICIPAL”. EXPTE. 655/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 25 de abril de 2013, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte,

RESOLUCION

“Por Resolución desta Alcaldía de data 13 de xuño de 2011 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada a área de Fomento, atribuíndose ao seu titular a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o

Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVE

Primeiro.- Delegar na Concelleiro Delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución dos seguintes asuntos:

PATRIMONIO
93306320000

INVESTIMENTOS DE MELLORA NO PATRIMONIO MUNICIPAL

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas. “

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

1.4(95).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 23.05.2013, REFERENTE AO CESAMENTO DE D^a OLGA ALONSO SUÁREZ COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE D. SANTOS HECTOR RODRÍGUEZ DÍAZ. EXPTE. 661/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de maio de 2013, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte,

RESOLUCION

“Con data 25 de abril o Tribunal Constitucional ditou a Sentenza 103/2013, resolvendo o recurso de inconstitucionalidade núm. 15232004 interposto polo Parlamento de Cataluña contra a disposición final primeira da Lei 57/2003, de 16 de

decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.

Dita sentenza, en base ao razoamento contido no Fundamento Xurídico Sexto, pronuncia o seguinte FALLO:

“b) Declarar inconstitucional y nulo, en los términos establecidos en el Fundamento Jurídico 6 de esta sentencia, el inciso “El Alcalde podrá nombrar como miembros de la Junta de Gobierno Local a personas que no ostenten la condición de concejales, siempre que su número no supere un tercio de sus miembros, excluido el Alcalde”, del Párrafo segundo, del artículo 126.2 de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases de Régimen Local ,en la redacción dada al mismo por el artículo primero de la 57/2003, de 16 de diciembre ,de Medidas para la Modernización del Gobierno Local.”

En canto ao alcance e efectos do citado pronunciamento o Fundamento. Xurídico sexto da Sentenza sinala

“ (...) han de considerarse situaciones consolidadas no susceptibles de ser revisadas con fundamento en esta Sentencia las nacidas con anterioridad a la fecha de su publicación. Y todo ello sin perjuicio de la libertad de organización de los Ayuntamientos del funcionamiento de la actividad de asesoramiento a sus órganos de gobierno ,en el marco de la legislación aplicable.

Téndose emitido informe pola secretaria do Goberno Local do Concello en data 13-05-2013 no que se conclúe que: “Unha vez se produza a publicación de dita sentenza no BOE *deberá procederse a reaxustar a composición da Xunta de Goberno Local e a Resolución de Delegacións a efectos da súa adaptación á declaración de inconstitucionalidade do artigo 126.2, parágrafo segundo, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local”.*

Considerando que segundo o disposto no artigo 38 da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, as sentenzas recaídas en procedementos de inconstitucionalidade terán o valor de cousa xulgada, vincularán a todos os Poderes Públicos e producirán efectos xerais dende a data da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, considerando así mesmo que, unha vez se produza, dita publicación levará consigo unha alteración do ordenamento xurídico regulador da organización municipal no relativo á Xunta de Goberno Local; publicada a Sentenza Sentenza 103/2013 en data 23 de maio de 2013 (BOE Núm. 123), no uso das atribucións establecidas no artigo 126.2, parágrafo primeiro da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e coa finalidade de acatar o pronunciamento do Tribunal Constitucional,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local derivada da Resolución desta alcaldía-Presidencia de data 06-02-2013.

Segundo.- En cumprimento da Sentenza 103/2013, de data 25 de abril, do Tribunal Constitucional que resolve o recurso de inconstitucionalidade núm. 15232004,

interposto polo Parlamento de Cataluña contra a disposición final primeira da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, cesar no seu cargo de membro da Xunta de Goberno Local con efectos económicos e administrativos do 23 de maio de 2013 a D^a OLGA ALONSO SUÁREZ.

Terceiro.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local e con todos os efectos económicos e administrativos, a D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, quen así mesmo exercerá as funcións delegadas na Área de Educación previstas na miña resolución de data 23 de maio de 2013.

Cuarto.- Comunicar a presente resolución aos interesados e procede á súa publicación na web oficial e na intranet do Concello.

Quinto.- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se realice.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

1.5(96).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 23.05.2013, REFERENTE Á MODIFICACIÓN NO DECRETO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN (CESAMENTO DE D^a OLGA ALONSO SUÁREZ E NOMEAMENTO DE D. SANTOS HECTOR RODRÍGUEZ DÍAZ). EXPTE. 662/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de maio de 2013, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte,

RESOLUCION

“Mediante Sentenza 103/2013, do 25 de abril, o Tribunal Constitucional resolveu o recurso de inconstitucionalidade núm. 15232004 interposto polo Parlamento de Cataluña contra a disposición final primeira da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.

Dita sentenza, en base ao razoamento contido no Fundamento Xurídico Sexto, pronuncia o seguinte FALLO:

“b) Declarar inconstitucional y nulo, en los términos establecidos en el Fundamento Jurídico 6 de esta sentencia, el inciso “El Alcalde podrá nombrar como miembros de la Junta de Gobierno Local a personas que no ostenten la condición de concejales, siempre que su número no supere un tercio de sus miembros, excluido el Alcalde”, del Párrafo segundo, del artículo 126.2 de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases de Régimen Local ,en la redacción dada al mismo por el artículo primero de la 57/2003, de 16 de diciembre ,de Medidas para la Modernización del Gobierno Local.”

A Secretaria do Goberno Local do Concello en data 13-05-2013 emitiu informe no que se conclúe que: *“Unha vez se produza a publicación de dita sentenza no BOE deberá procederse a reaxustar a composición da Xunta de Goberno Local e a Resolución de Delegacións a efectos da súa adaptación á declaración de inconstitucionalidade do artigo 126.2, parágrafo segundo, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local”.*

Considerando que segundo o disposto no artigo 38 da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, as sentenzas recaídas en procedementos de inconstitucionalidade terán o valor de cousa xulgada, vincularán a todos os Poderes Públicos e producirán efectos xerais dende a data da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, considerando así mesmo que, unha vez se produza, dita publicación levará consigo unha alteración do ordenamento xurídico regulador da organización municipal no relativo á Xunta de Goberno Local e publicada a Sentenza 103/2013 en data 23 de maio de 2013 (BOE Núm. 123), no uso da potestade de dirección do goberno y das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba a Lexislación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o punto XI.- ÁREA DE EDUCACIÓN do apartado segundo da miña Resolución de data 07-02-2013, deixando sen efecto o nomeamento de D^a OLGA ALONSO SUÁREZ na dirección de dita área.

Segundo.- A XI.- ÁREA DE EDUCACIÓN será dirixida polo concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.

Terceiro.- Por delegación desta Alcaldía, sen prexuízo das facultades que se puideran avocar en posteriores resolucións, o delegado da Área de Educación exercerá as seguintes atribucións:

- 1.- Promover a cooperación coas Administracións educativas co obxecto de lograr unha maior eficacia dos recursos destinados a educación. Elevar, a través do Consello Escolar Municipal, as propostas que considere oportunas para un mellor funcionamento e calidade do sistema educativo. Intervir, por medio dos representantes municipais, nos consellos escolares de centro e nas comisións económicas, para mellorar a vida escolar e colaborar na atención das

demandas da comunidade educativa.

- 2.- Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, vixilancia, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio.
- 3.- Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, en colaboración co área de benestar social e intervir na programación das bolsas e axudas para escolares que acorde o Concello.
- 4.- Cooperar coa administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros públicos, impulsando e coxestionando en colaboración co Servizo de Patrimonio e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a posta a disposición ou cesión de terreos para as novas construcións educativas.
- 5.- Impulsar a realización de actividades extraescolares nos centros públicos, así como o establecemento de comedores e programas de acollemento de mañá no colexio ou escola e, en xeral, todas aquelas actividades que melloren a compatibilidade da vida laboral e familiar de pais e nais e permitan unha vida máis feliz a nenas e nenos.
- 6.- Potenciar a utilización das instalacións escolares fose de horario lectivo e supeditadas á programación de actividades dos centros, para o seu uso deportivo, cultural, social e/ou educativo.
- 7.- Fomentar a participación de nais e pais na escola e apoiar á comunidade educativa de cada centro.
- 8.- Facilitar a todos os colexios e escolas de Vigo programas que melloren o coñecemento e a interrelación co contorno socioeconómico e natural no que desenvolven o seu labor educativo, fomentando a asunción dunha cidadanía activa. Coordinar cantas intervencións educativas ataquen outras áreas municipais, en orde á dotalas de coherencia e economía de medios e integralas baixo a concepción de Vigo como cidade educadora.
- 9.- Promover, dirixir e xestionar as escolas infantís municipais, especialmente de primeiro ciclo, en convenio coa Comunidade Autónoma. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
- 10.- Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e teatro, así como aqueloutras que o Concello considerase necesario crear, baixo este nome e ámbito ou outro. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
- 11.- Diseñar, dirixir e xestionar accións formativas dirixidas á alfabetización de

persoas adultas.

- 12.- Impulsar accións de orientación académica e profesional, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, así como á mellor coordinación cos programas de inserción laboral que promova a correspondente área do Concello e os programas de garantía social.
- 13.- Cooperar coas outras administracións con competencias educativas na creación e xestión de unidades de formación do profesorado e centros de recursos de ámbito inferior á provincia.
- 14.- Promover a firma de convenios de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dos programas de investigación en materias propias do área e sobre Vigo como cidade educadora. Establecer convenios de colaboración con outras entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para promover en conxunto programas educativos ou de avance da xestión das competencias municipais nesta área.
- 15.- Establecer, a través da propia Concellería, ou en colaboración con outras entidades premios e concursos de carácter municipal destinados a alumnos, profesores e centros escolares.
- 16.- Xestión da Escola Municipal de Danza: programa de ensino, xestión da matrícula da escola e alumnado, actividades complementarias, etc.
- 17.- Ostentar a Presidencia do “Organismo Autónomo Municipal da Escola de Artes e Oficios”, dirixindo e xestionando, de acordo cos Estatutos, os servizos e actividades que presta e realiza.

Cuarto.- As atribucións da área de Educación non sufrirán variación ningunha e igualmente será de aplicación o resto dos apartados -Terceiro, Cuarto, Quinto, Sexto, Sétimo, Oitavo, Noveno, Décimo, Décimo primeiro.

Quinto.- Notificar a presente Resolución ao concelleiro e demais persoal interesado.

Sexto.- a presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sétimo.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da corporación aos efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo

4.- MOCIÓNS.

4.1(97).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO CREAR UNHA BOLSA E UN BOLETÍN DE EMPREGO MUNICIPAL PARA FACILITAR A INTERMEDIACIÓN ENTRE AS EMPRESAS E OS/AS POSIBLES TRABALLADORES/AS. EXPTE. 619/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de marzo, número 619/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, formula a seguinte,

MOCION

"As iniciativas de emprego na nosa cidade son inexistentes. As cifras de desemprego están en constante aumento e sen unha programación para os próximos anos preséntase un futuro desalentador.

Dende as diferentes administracións tómanse medidas para paliar a crise, pero a nivel local todas as propostas que solicitamos de teletraballo, facilitar o acceso dos emprendedores/as vigueses/as ao financiamento, a activación do Plan de emprego 2008-2011 e posta en marcha do novo 2012-2015 foron rexeitadas.

Debemos impulsar medidas innovadoras, produtivas e eficaces que xeren postos de traballo, o emprego debe ser unha prioridade para todos/as. Este asegurará o noso estado de benestar.

Convidar á participación conxunta doutros organismos públicos e privados na activación laboral é unha obrigaón do goberno vigués. Unir esforzos e crear sinerxías é prioritario.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Crear unha bolsa e un boletín de emprego municipal para facilitar a intermediación entre as empresas e os/as posibles traballadores/as.”

A Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Dende o Partido Popular cremos como responsables políticos que é a nosa obriga aportar e este é o fin desta moción. Unir esforzos e crear sinerxías co obxectivo de reducir a elevada cifra do paro ao que nos levou o goberno socialista na nosa cidade.

Dende as diferentes administracións transfórmanse leis, créanse espazos e búscanse recursos. Nós, dende o Partido Popular, propoñemos en positivo fomentar medidas como o teletraballo, facilitar o acceso a microcréditos, activar o Plan de Emprego rematado en 2011, levar a cabo unha Feira de Emprego, todas estas iniciativas foron propostas dende este grupo municipal e foron rexeitadas polo Goberno Socialista e, en numerosas ocasións, polo Bloque Nacionalista Galego.

A pesar disto imos seguir realizando o noso traballo con responsabilidade, rigor, seriedade e ofrendo alternativas. Concellos como o de Cospeito, en Lugo, con 5.000 habitantes, Porriño con 18.000 ou Pontevedra con 82.000, teñen un Boletín de Emprego no que se facilita a busca aos demandantes e a publicidade aos que ofertan. Vigo continúa á cola, exactamente pasa o mesmo coa Bolsa de Emprego Municipal, onde concellos como Sanxenxo, Soutomaior, Pontevedra, Mos e un largo etc. teñen este servizo, é gratuíto cun único fin que é o de reducir as cifras do paro. O Goberno Local, Sr. Rodríguez Díaz, ten unha responsabilidade que debe asumir e debe poñerse a traballar para que a situación de Vigo cambie, continúan coas súas políticas de emprego keynesianas de coloco a dedo a quen máis me convén, non imos conseguir así que isto mellore e que esta situación cambie. Se non somos capaces de executar todo o Orzamento de Emprego do ano 2012, non sabe que medidas levar a cabo para investir 2.112.000 euros, nós dámoslle todas estas ideas: teletraballo, conciliación, acceso a microcréditos e o que nos compete nesta

moción, que é creación dunha Bolsa e un Boletín Municipal de Emprego.

SR. ALONSO PÉREZ: No Bloque Nacionalista Galego non podemos votar unha moción do Emprego do Partido Popular, é imposible, non podemos votar a favor.

Aquí podemos estar mareando a perdiz continuamente e non ir á razón, ao cerne dos problemas, pero o Bloque Nacionalista Galego non pode facer iso nun problema tan grave como o do desemprego cando o Partido Popular é o que ten a competencia, como dixen antes, na administración do Estado e na da Xunta de Galicia, e está destruindo masivamente emprego, como lle imos votar a favor dunha moción de emprego ao Partido Popular? Non podemos porque temos moitas razóns, non imos votarlle a favor porque o Partido Popular coa súa política está creando desemprego, empobrecemento e miseria. Non lle podemos votar a favor porque o Partido Popular fixo unha reforma laboral que facilita despedidos e reduce salarios, non lle podemos votar a favor porque o Partido Popular afoga as potencialidades de Galicia e o Sr. Feijóo, en Madrid, ponse de acordo para espoliar os recursos e as riquezas de Galicia. Non lle podemos votar a favor dunha moción en Emprego porque o Partido Popular aplaude ao roubo dos grandes poderes financeiros, non lle podemos votar a favor porque goberna para a Banca e para os que lle aportan donativos. O Partido Popular está preocupado de gobernar para os que lle aportan donativos e non para os seus votantes, propiciou unha especulación financeira e urbanista, no campo da construción inmobiliaria, que creou o desemprego neste país, polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego non pode votarlle a favor porque este apoiou a especulación financeira, privatizou as empresas rendibles deste país: Telefónica, todo o sector eléctrico, privatizouno e xerou desemprego. Por isto, o BNG nunca pode aprobar unha moción de Emprego do Partido Popular, porque paralizou un programa eólico que creaba emprego e cunha condición que era que se ía crear paralelamente emprego a través do concurso eólico.

O Partido Popular só goberna para votarlle a man aos aforros das preferentes, aos salarios dos traballadores e cos impostos de todos salvar a banca especulativa, por isto o BNG non pode aprobar en Emprego unha moción do Partido Popular.

Ademais de todo isto, porque o Bloque Nacionalista Galego ten unha política alternativa ao Partido Popular completamente diferente, 360º diferente, non ten

nada que ver. Sabemos que o Partido Popular é o culpable da situación de desemprego, e o BNG ten alternativas diferentes que o Partido Popular non quere poñer enriba da mesa porque está para defender á gran banca e ós especuladores. Por isto o Partido Popular non aproba as propostas do BNG de crear máis impostos as grandes fortunas, non quere crear unha banca pública galega porque quere seguir destruindo o sector financeiro galego, non quere darlle unha solución ao problema das “preferentes”, non quere destinar, como propón o BNG, os 40.000 millóns do rescate da banca e apoiar ao naval, o agro, o sector pesqueiro, o sector da industria, que dicía este días atrás a nosa compañeira no Parlamento Galego Dona Carme Adán, que estabamos na primavera negra da industria galega pola cantidade de industrias que se estaban destruindo.

Por todo isto é imposible que o BNG poda aprobar unha moción do Partido responsable do desemprego, porque o Partido Socialista ten responsabilidades, actuou de maneira equivocada no Goberno do Estado, pero nestes momentos o Partido Popular é quen goberna no Estado e na Xunta de Galicia e están mirando para outro lado, preocupados de gobernar para os que lle dan os donativos e para a gran banca. Por isto o Bloque Nacionalista Galego non lle pode aprobar unha moción de emprego ao Partido Popular.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Nós queremos comezar con algo que dicía o Sr. Rajoy cando pedía o voto para as eleccións “cando eu governe baixará o paro”, iso é o que lle dixo a quen lle votara e hai un millóns máis de desempregados/as dende que goberna o Partido Popular e Sr. Rajoy. Iso mesmo díxoo o Sr. Feijóo hai cinco anos, tamén dixo que ían solucionar tódolos problemas e atopámonos con 100.000 parados máis do Partido Popular e do Sr. Feijóo en Galicia.

Sra. García Míguez vostede non ten idea do que fala, se lle quitan o papel e se lle van os insultos e as difamacións que fai, non ten ni idea do que fala, do que pon na moción nin do que aquí expuxo.

Cando vostede fala de sinerxías e aportar, nós estamos dispostos a tódalas achegas, pero cando vostede fai denuncias como de colocacións a dedo, ten que denuncialos con nomes a apelidos, ten que ir ao xulgado con iso, Sra. García Míguez, senón dígolle outra vez ou mesmo, vostede é unha mentireira e unha difamadora. Non teñen idea disto porque a vostedes non lles preocupa os

desempregados/as, vostedes miran para outro lado, a proba é que non se decatan sequera do que se fai en emprego, primeiro que está adxudicado todo o Plan de Emprego, tódolos orzamentos están adxudicados.

Segundo, téñolle que dicir que o Concello ten na actualidade unha Bolsa de Emprego a disposición das empresas de 6.428 candidatos, que a todos se lles fai orientación laboral, que se lles imparte formación, que se nutren das persoas que o solicitan individualmente ou dos propios programas municipais de emprego, a tódalas empresas que o solicitan os técnicos do Concello realízanlle labores de busca dos candidatos que máis se axustan a súas necesidades, póñense a disposición das empresas espazos de formación como aulas multimedia, aulas de vídeo conferencias ou de reunións. Tamén persoal especializado para a realización de actividades grupais de Networking, redes sociais e Emprego 2.0, bolsa de emprego en Internet no programa "Imos traballar 2", eu sei que vostede non presta atención porque dálle igual, despois contestará cun par de insultos máis, pero o máis importante é que os cidadáns o coñezan, moitos deles porque o usan e outros para que saiban o que está facendo, en política de emprego, o noso Alcalde Abel Caballero e este goberno.

Tamén se fai prospección empresarial cara a inserción laboral dos beneficiarios dos distintos programas de emprego do Vigo Emprega, o programa integrado Vigo laborando 2, Imos traballar 2 ou o obradoiro Vigo Atende, que por certo o Obradoiro Vigo Atende fan un servizo social no Comedor da Sal, un día a semana, dando o que traballan en cociña e en hostalería, polo tanto tamén un engadido máis a isto. Fanse estudos de apoio ao coñecemento empresarial, tamén hai un boletín de emprego municipal de custes para a creación, inversión en programación, inserción de internet, persoal de mantemento e actualización da información.

Isto é todo o que se está facendo, pero nós ademais, Sra. Garcia Míguez, porque vostede non se preocupa de saber o que se está facendo, porque a vostedes o Emprego non lles importa, vostedes rinse dos desempregados/as e non fan nada para mellorar a situación deles nin mellorando a economía, o emprego, nin tan sequera con axudas para que poidan cobrar algún tipo de prestacións. Por isto vostedes rin nesa bancada, señores de Partido Popular, Sra. García, estanse a rir dos desempregados/as desta cidade e de Galicia, iso é unha auténtica vergoña, non lles importa para nada a súa situación, vostedes están a outra cousa, a facer

viaxes a Cuba e a rirse deles.

Sra. García Míguez nós o que lle propoñemos é que ese boletín, por certo xa impreso que ten un custo bastante importante, o que lle propoñemos é que o financie a Xunta de Galicia que é a que ten as competencias, e a que ten os cartos dos nosos impostos para esas políticas. Moitas gracias e retire esas difamacións que fai e se non vaia ao xulgado.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Primeiro quería contestarlle aos señores do Bloque Nacionalista Galego que non entendo ben porque non nos van apoiar a moción cando vostedes, a reforma laboral, a aplican en Santiago de Compostela na súa sede, ademais de baixarlle os soldos aos seus traballadores, máis da metade das persoas que traballaban na sede do BNG foron despedidos aplicando a reforma laboral. O Bloque Nacionalista Galego ademais, cando gobernaba na Xunta de Galicia, deu as catro licencias dos catro macro centros maiores de Galicia que acabaron co pequeno comercio na nosa Comunidade Autónoma.

Sr. Rodríguez Díaz, vostede non deixou de insultarme, de chamarme mentireira, que son unha difamadora, saquei tódalas noticias dos medios de comunicación, xa o sabemos tódolos cidadáns. Sabe do que me ría antes? Que en vez de Vigo Atende é Vigo Enchufa, diso me ría, é triste que se lle poida estar chamando a un programa municipal de emprego Vigo Enchufa, por favor un pouco de respecto.

Vostede empezaba cunha frase do Sr. Rajoy, eu vou a empezar co que dixo o Alcalde, o Sr. Abel Caballero, cando comezou a gobernar nesta cidade no ano 2007 que ía colgar na lonxa o cartel de pleno emprego, pero aínda estamos esperando.

A prioridade na nosa cidade debe ser o emprego por riba de todo, e as súas prioridades son con as que maior frecuencia destacan os escándalos do seu goberno nesta materia. Destinan cantidades enormes de diñeiro a diferentes entidades, concesións, soben os impostos.

Deixe os temas persoais porque en ningún momento nos metemos en temas persoais, e eu son unha empregada nunha asociación, non teño capacidade de decisión e levo dende o ano 1998 traballando nun colectivo que atende a persoas con problemas.

Hai 35.263 persoas paradas esperando pola súa política keynesiana de emprego en Vigo.

A PRESIDENCIA: Non aceptada a emenda procedemos a votar moción do Grupo Municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, acórdase:

ACORDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, instando a creación dunha bolsa e un Boletín de emprego municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2(98).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A RECUPERACIÓN DO DIA DA MUIÑEIRA, ENSALZAMENTO DO TRAXE GALEGO E MOSTRA DO TRAXE GALEGO E APOIO DO BAILE E A DANZA TRADICIONAL DE GALICIA. EXPTE. 652/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de maio, número 652/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte,

MOCION

“O colectivo XOC, integrado polas agrupacións Xacarandaina (A Coruña), O Fiadeiro (Vigo) e Cantigas e Agarimos (Santiago), anunciaron que han promovido ante a Xunta a proposta da candidatura do baile e a danza tradicional de Galicia como patrimonio inmaterial da humanidade. Estas tres entidades vinculadas ao folclore galego apuntan que para que este proxecto teña éxito é necesario tanto a implicación do Goberno autonómico como da cidadanía.

Mentres en Vigo perdeuse as tradicionais Día da Muiñeira, Ensalzamento do traxe galego e Mostra do traxe galego, por todo isto o grupo municipal do Partido Popular presenta a seguinte moción:

MOCIÓN

1- Instar ao goberno municipal a que se recupere a celebración do Día da Muiñeira, Ensalzamento do traxe galego e Mostra do traxe galego

2- Instar ao goberno municipal a apoiar a candidatura do baile e a danza tradicional de Galicia como patrimonio inmaterial da humanidade ante o Goberno autonómico.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de maio, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: Hai escasos días, 450 persoas de todo o mundo, reuníronse no Congreso organizado en China pola UNESCO baixo o lema “A cultura, a chave para o desenvolvemento sostible”. A Directora Xeral de Organización de Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura da UNESCO, Irina Bokova, facía estas declaracións na súa inauguración: “A cultura crea emprego en momentos difíciles como o da crise actual, e por iso, que pedía ao mundo que dea prioridade ao potente motor económico no que se pode converter o ámbito cultural. En moitos países a industria da cultura contribúe moito a soportar a crise económica e social.” asegurou Bokova, hai poucos días.

A cultura é o que determina como somos, danos forza e ofrécenos respostas a moitos dos retos aos que nos enfrontamos actualmente. Desexaba comezar con esa introdución que hoxe presenta o grupo municipal do Partido Popular co único obxectivo de convencer, unha vez máis, ao goberno municipal da importancia dos nosos acenos de identidade, do noso patrimonio, da tradición como algo emblemático dunha cultura que simboliza a nosa riqueza. O colectivo XOC

integrado polas agrupacións Xacarandaina de A Coruña, o Fiadeiro de Vigo e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela, promoven ,ante a Xunta de Galicia a proposta da Candidatura do baile e danza tradicional de Galicia como patrimonio inmaterial da humanidade. Estas tres entidades vinculadas ao folclore galego apuntan que, para que este proxecto teña éxito, é necesario tanto a implicación do Goberno Autonómico como o da cidadanía.

Mentres en Vigo se perdeu os tradicionais Días da muiñeira, Ensalzamento do traxe galego e Mostra do traxe galego. Dende 1970 víñase celebrando o tradicional Día da muiñeira no cal participaban máis de 3.000 persoas, de súpeto tomouse a decisión, por parte do Alcalde, de cancelar este compromiso coa cidadanía así como outras dúas manifestacións da cultura folclórica, Ensalzamento do traxe galego e Mostra do traxe galego. Por este motivo solicitamos, tamén, ante o Pleno que se restitúan na medida do posible estas multitudinarias festas, imborrables do noso patrimonio cultural.

Sería moi fácil lembrar ante este Pleno a extraordinaria vinculación da nosa cidade co folclore galego, as asociacións culturais, grupos de gaitas, de danza, escolas de artes e oficios, ETRAD, escolas, conservatorios, investigación etc. Por isto é fundamental facer unha reflexión e intentar que o Concello de Vigo sexa o principal defensor desta candidatura ante a UNESCO.

Creo que llo debemos ás futuras xeracións, a nosa mocidade e a tódalas aquelas persoas que construíron e difundiron a nosa cultura por todo o mundo. Son innumerábeis os testemuños de grandes escritores e pensadores galegos que destacaron a importancia da danza galega: Alexandre Bóveda, Eugenio Montes, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Fernández del Riego etc. En recentes teses doutorais, como a do profesor Javier Jurado, recolle esta frase que a min paréceme moi importante “é a danza non só movemento senón instrumentos, música, situacións sociais e laborais, relacións persoais. Danza e música van indisolublemente unidas”.

Do mesmo xeito que nesta mesma tese plasma reflexións como de autores Eugenio Montes, de feito, o Boletín Nós recolle esta mesma idea en forma de tres artigos amplos publicados en números sucesivos por Eugenio Montes, baixo o título de “ A estética da muiñeira”, publicado no 1922-1923. A visión poética do autor estrutúrase no primeiro nos apartados no romance, a muiñeira, muller e danza, o

muiño e a estética da danza, no segundo en que o dixo da danza de Greg e dos límites da danza onde estende esa xustificación da importancia da danza dende Greg, Kant ata Warneg, San Agustino, Aristóteles, Platón e outros. Finalmente a conclusión que supón o último artigo divídese na muiñeira danza clásica, o pasaxe, a metodoloxía, a achega de Galicia á alma Celta.

A muiñeira é o baile máis consubstancial co ser de Galicia, segundo Eugenio Montes e Paco Fernández del Riego, pois é o que ofrece máis compenetración coa súa personalidade xenuína. Na maior concienciación de Galicia como unha comunidade cun exemplar patrimonio histórico.

A Conferencia Xeral da UNESCO aprobou no ano 2003 a Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, esta aprobación marcou un fito xa que por primeira vez a comunidade internacional recoñecía a necesidade de prestar axudas a un tipo de manifestación, expresións culturais, que carecían dun marco de esta envergadura. En concreto, a lista do patrimonio inmaterial de humanidade ten por obxectivo salvagardar os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas que as comunidades, os grupos e os individuos...

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Imos apoiar esta moción en primeiro lugar porque queremos manifestar o noso compromiso, do Bloque Nacionalista Galego, dende sempre coa defensa da nosa cultura, en todos e canda un dos seus ámbitos. Por suposto que son importantes, tanto o Día da muiñeira, como o Ensalzamento do traxe popular, como importante é apoiar a candidatura do Baile e da danza como patrimonio inmaterial.

Todo isto é importante, e polo tanto o Bloque Nacionalista Galego sempre vai apoiar as iniciativas que leven consigo establecer ese compromiso claro e serio coa nosa cultura. Imos votar esta moción a pesar da auténtica hipocrisía política dun Partido Popular que se preocupa do Día de muiñeira, do Ensalzamento do noso traxe popular e desa candidatura, cando o mesmo Sr. Relova é un auténtico mestre en traer citas e citas pero que logo non lles fan nin caso.

Efectivamente a Sra. Bokova dicía que a Cultura crea emprego e que é algo fundamental. O Sr. Eugenio Montes, que tamén o leu o Sr. Relova, fala precisamente da estética e da importancia da danza e da nosa cultura. E falaba o Sr. Relova, agora mesmo, do importante que é a defensa do noso patrimonio, pois

miren vostedes cando falo de hipocrisía política o digo, porque se trae unha moción a este Pleno para que o Concello recupere o Día da muiñeira e se apoie a candidatura da danza, cando o Partido Popular se acaba de cargar o Centro Galego de Danza, é dicir, un centro emblemático de defensa de promoción da nosa danza en todos os seus ámbitos, o Partido Popular cargouse o Centro Galego de Danza.

Fálase aquí de defender o noso patrimonio, e as subvencións nestes momentos aos grupos culturais no noso país quedaron na mínima expresión, acaban de fundir, dende que están eles, toda a rede de teatro aficionado de Galicia, absolutamente todo, recortando unha e outra axuda. O mundo das empresas audiovisuais galegas nunca se atoparon tan mal atendidos, por parte dunha administración como a da Xunta de Galicia, como agora, falemos da imaxe, do son, de empresas de cinematografía, de longametraxes etc. E podía seguir con cada un dos eidos onde se move a cultura desta cidade e do país, cultura e patrimonio, pero claro falar da defensa do noso patrimonio cando o Partido Popular está ocultando, atacando, desprezando o máis ben prezado que é a nosa lingua, vou dicir unha cousa, e perdoarme a expresión, “manda carallo”.

Agora si que entendemos os recortes en moitas cousas, entendemos esa asombrosa abstención, hai un momento, para defender o déficit cero e a débeda cero. Recortes en todos e en cada un dos ámbitos da cultura, iso si, dende que os Sr. Feijóo preside a Xunta de Galicia lévanse gastados máis de corenta millóns de euros en publicidade e propaganda, Sr. Relova, coa metade deses cartos todo o que vostede estaba dicindo: recuperación de festivais na nosa cidade que se perderon, con só a metade deses cartos, estaría vostede facéndolle caso ao Sr. Eugenio Montes ou a Sra. Bokova. Pero non, séguese desbaldindo os cartos en publicidade e a nosa cultura está absolutamente deixada da man de Deus.

En coherencia e en corresponsabilidade, porque nós si defendemos toda a cultura, estamos dicindo dende o Parlamento Galego que se deixe de gastar e malgastar millóns e millóns de euros na Cidade da Cultura e que os invistan precisamente na recuperación cultural do noso país. Iso é o que vostede tería que defender no Parlamento Galego e diante dos seus Deputados, por ser coherentes, pero non o son, nós si.

Imos votarlle a favor a pesar, repito, de que vostedes están destruindo todo o noso tecido cultural.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Como criterio previo, estamos de acordo e imos votar a favor das dúas propostas da moción, instar ao goberno municipal a que recupere o Día da muiñeira, Ensalzamento do traxe galego e Mostra do traxe galego e instar ao goberno municipal a apoiar a candidatura do Baile como patrimonio inmaterial da humanidade.

Tamén quero ratificar, en primeiro lugar, o feito de que non se puidera celebrar no ano 2012 e no 2013 o Día da muiñeira o Ensalzamento do traxe rexional e a Mostra, non foi unha decisión unilateral e indiscriminada por parte de ninguén deste goberno, nin moito menos, foi derivado de causas económicas que como vostede sabe, Sr. Relova, este Día da muiñeira, do Ensalzamento do traxe rexional e da Mostra realizábase cun patrocinio importante dunha entidade privada, dunha empresa que o ano pasado só podía garantir uns 7.000 euros fronte aos 30.000 e 33.000 euros que puxera en anos anteriores. Nestas condicións, implicaba que o Concello tiña que facer un esforzo que nese momento non estaba presupostado no ano 2012 ni no 2013, e polo tanto foi imposible celebrala. Iso non quere dicir, Sr. Relova, que o compromiso deste Goberno é que esta día teña a súa continuidade e garantímoslle, dende este goberno, que o próximo ano celebrábase na triplo vertente do Día de muiñeira, Ensalzamento do traxe e Mostra do traxe.

En canto á proposta de solidarizarnos e apoiar a candidatura, nada que reprochar senón que ao contrario, é para nós unha inmensa satisfacción de poder apoiar esta iniciativa. O Baile tradicional galego forma parte do noso rico patrimonio, folclórico e da nosa cultura, é parte da nosa identidade, e polo tanto é necesario salvagardalo e adoptar as medidas necesarias para asegurar o recoñecemento e o valor manténdoo vivo e transmitilo ás seguintes xeracións. Por isto é necesario apoiar esta iniciativa que gustosamente este Grupo Parlamentario o ratifica.

Tamén quería recalcar a contradición entre as súas palabras na exposición sobre o que é o impacto da cultura como creador de riqueza, a parte dos factores de coñecemento que xeran e creación de emprego, coas políticas que neste momento se seguen por parte das administracións, neste caso a Autonómica e Provincial, no apoio a cultura, tal como dixo o Sr. Domínguez deixa moito que desexar e pon ademais en cuestión e ao borde da quebra moitos dos proxectos e moitas das garantías da continuidade que tiñan anteriormente.

Creo que non é necesario destacar a diminución do apoio a proxectos como o Marco, outro tipo de actividades culturais, que realmente poñen en evidencia as súas palabras que eu comparto da cultura como motor, a parte dese coñecemento, como motor económico e de creación de emprego. Polo tanto Sr. Relova, gustaríame que ese comentario, esa referencia dialéctica do texto que vostede puxo na promoción desta iniciativa, a faga pasar aos ámbitos do seu partido que realmente é algo do que nos poderíamos beneficiar e estaríamos todos de acordo.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Ao final destes dous anos que levamos xuntos, os tres grupos, vou acabar por ter que pedirlle un manual de mocións tanto ao Bloque Nacionalista Galego como ao Partido Socialista que é o que queren que faga, porque de verdade é moi sorprendente, eu lembro que na segunda moción que presentei aquí, o Sr. Domínguez díxome que votaba ou estaba en contra porque era unha proposta para o Concello e con o Concello de Vigo, iso ten que estar recollido nun acta porque eu, de momento, a pesar da miña idade teño unha certa boa memoria.

Eu non acaba de entender as cousas, é hipocrisía unha cousa pero é hipocrisía a outra, que Sr. Touriño fose a Cuba, iso é marabilloso porque é Sr. Touriño, pero que vaia o Sr. Feijóo ou don Manuel Fraga iso é turismo, non, e o da crema é moi “bajítico” como dicían os cubanos, voulle dicir un refrán cubano, Sr. Rodríguez, “suave para que se le de”.

Quero dicirlle que de hipocrisía ben pouca porque teño compañeiros na miña bancada, no Partido Popular, aquí sentados como Sra. Alonso, como Sr. Pérez e Sra. Cendón que ten na súa familia o ilustre Sr. Santalices, ou sexa un gran mestre, e Eugenio Montes que me acabo de decatarse que tamén é familiar de Sra. Cendón.

Eu voume remitir, porque ademais eu non quero ensuciarme con polémicas, a verdade un ideario, unha ilusión e un entusiasmo con que se está movendo a xuventude galega polo proxecto ante a UNESCO, de que sexa declarado patrimonio da humanidade inmaterial e vou ler, porque eu son de citas e o que le aprende e non me gusta vir aquí e inventar que iso é o que fan moitos/as, dicir frases que parece que son súas. Eu vou citar a unha gran amiga, forma parte deste partido, do Partido Popular e hoxe é presidenta do CS o outro día publicaba en “La Voz de Galicia” un texto que se chamaba “a Cidade Fogar”, a min encantoume a Sra.

Porro, e dicía que “reivindico a Cidade fogar que propoñía Sr. Tierno Galván en contraposición ao megalómano modelo de cidade estado que infestou os dirixentes locais por toda a xeografía española. Vótase de menos alcaldes veciños e sobran alcaldes matriculados na estéril academia de Maquiavelo, invoco á participación cidadá plural, diversa, tolerante, e coa idea forza de vulgar nun mesmo equipo o seu municipio, a súa cidade sen demarcacións ideolóxicas”.

A PRESIDENCIA: Poderían haberse lembrado da Sra. Porro antes de que se fora de aquí.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando a recuperación do Día da Muiñeira, Ensalzamento e Mostra do traxe galego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3(99).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A DEMANDAR DA FUNDACIÓN NOVACAIXAGALICIA INFORMACIÓN DAS SÚAS PROPIEDADES, ACTIVIDADES E POSTOS DE TRABALLO NA NOSA CIDADE E AS ACCIÓNS PREVISTAS A CURTO E MEDIO PRAZO. EXPTE. 653/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de maio, número 653/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCION

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Novacaixagalicia, fundación de carácter especial xurdida da obra social das caixas galegas, atravesamos un presente confuso e un futuro seriamente preocupante. Esta fundación integra edificios, fincas, centros de ensino e patrimonio artístico de enorme importancia para a cidade de Vigo, ademais de desenvolver actividades culturais, educativas, sociais, deportivas que forman parte dos recursos da cidadanía.

Actualmente a fundación non conta xa con participación en Novagalicia Banco, logo da decisión do FROB de excluila do accionariado do banco, decisión que foi recorrida pola fundación perante a Audiencia Nacional. Ademais dos problemas de financiamento os estatutos da nova fundación e o seu padroado seguen sen se constituír o que provoca serias inquedanzas sobre o mantemento da actividade e dos postos de traballo.

Logo das denuncias e reclamacións por parte dos traballadores e traballadoras da fundación e do acordo dos grupos políticos do parlamento galego para elaborar un plan que garanta a obra social a longo prazo entendemos que é o momento de que na nosa cidade establezamos unha fronte común de defensa dun patrimonio adquirido cos aforros dos vigueses e das viguesas que logo foi pagado de novo co rescate bancario.

Por estes motivos solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao alcalde de Vigo a demandar da Fundación Novacaixagalicia información detallada das súas propiedades, actividades e postos de traballo na nosa cidade e as accións previstas a curto e medio prazo.
2. Instar ao alcalde de Vigo a dar traslado de toda a información sobre a Fundación Novacaixagalicia aos grupos municipais para constituír unha fronte común de defensa do patrimonio da Fundación en Vigo e que este reverta na cidadanía.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de maio, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Actualmente a situación da Fundación Novacaixagalicia é unha situación moi preocupante, esta fundación de carácter especial, protexida pola Xunta de Galicia que xurdiu da obra social das caixas galegas, agora mesmo non ten fontes de financiamento e sufriu segundo a conselleira de Economía e Facenda, como explicou na súa comparecencia no Parlamento Galego, a desaparición da súa participación accionarial en

Novagaliciabanco. A realidade é que non foi unha desaparición, a realidade é que foi excluída do accionariado de Novagaliciabanco polo FROP, lembremos que a Fundación posuía o 6% das accións de Novagaliciabanco, pero logo da nacionalización do banco, cando o FROP inxectou máis de 5.000,5 millóns de cartos en Novagaliciabanco, deixou fora do accionariado á Fundación Novacaixagalicia e máis os empresarios galegos que investiran cartos na estrutura do novo banco. Por isto, houbo que reconvertela nunha Fundación especial baixo o protectorado da Xunta de Galicia porque perdeu esas accións que tiña en Novagaliciabanco, esa decisión está recorrida, pero a realidade é que agora mesmo non hai ningunha maneira de garantir o financiamento da Fundación Novacaixagalicia.

Esta fundación, na nosa cidade, integra edificios, fincas como a de San Roque, centro de ensino como o Colexio Fogar ou como Centro de ensino Infantil e Primario, que xa pechou a principios deste curso no centro da nosa cidade, integra patrimonio artístico de enorme importancia para a cidade e desenvolve actividades culturais, educativas, sociais e deportivas que forman parte xa dos recursos da cidadanía en Vigo, pois son parte da vida social e da actividade social da nosa cidade dende o nacemento da obra social.

Houbo xa denuncias por parte dos traballadores/as da Fundación, houbo reclamacións de que, nesta situación tan preocupante que está atravesando, se constituía xa dunha vez o padroado, que segue sen constituír, e que se resolvan os problemas de financiamento.

Recentemente nunha Comisión do Parlamento Galego houbo un acordo dos catro grupos parlamentarios para crear un plan, a medio e longo prazo, para o desenvolvemento do traballo da Fundación e a protección. Pero na comparecencia no Parlamento Galego da conselleira de Economía de Facenda, atopámonos con que fala dunhas fontes de financiamento moi escasas e mesmo que fai referencia a obtención de ingresos derivados do patrimonio inmobiliario, sen concretar, pero que algo que nos preocupa tamén porque temos que lembrar que o patrimonio inmobiliario na nosa cidade é realmente importante.

Por iso nós entendemos que, independentemente de tódalas accións que se poidan desenvolver dentro do Parlamento Galego, é importante que na nosa cidade dada importancia e a relevancia da obra social e da Fundación, neste caso Novacaixagalicia, comecemos a movernos para demandar da Fundación

Novacaixagalicia información detallada das súas propiedades, actividades e postos de traballo na nosa cidade, cales son as accións previstas a curto e a medio prazo, porque entendemos que é importante non só un plan a medio e longo prazo senón xa saber cales son as previsión a curto prazo, e ninguén mellor que o Alcalde de Vigo para defender o patrimonio da Fundación Novacaixagalicia e pedir esa información.

Ademais pedimos que esa información sexa trasladada aos grupos municipais para que poidamos realmente constituír unha fronte común de defensa do patrimonio da Fundación en Vigo, e que esta reverta na cidadanía porque lembremos que todo ese patrimonio, foi adquirido e foi desenvolvido cos aforros de tódalas persoas que traballaron nesta cidade e meteron os seus cartos na obra social que agora está recollida na Fundación Novacaixagalicia, que ademais recuperouse con cartos públicos cando se nacionalizou o banco e que agora ten que reverter de novo na cidadanía.

SR. LÓPEZ FONT: A fusión das Caixas foi unha ruína para esta cidade. A desaparición de Caixa Vigo, tal e como dixemos neste Pleno, e cumpríronse os peores presaxios, foi a peor noticia dos 30 últimos anos para esta cidade. Unha operación política deseñada polo Partido Popular contra esta cidade pero aquí advertímolos, dixemos cales ían ser as consecuencias económicas desa fusión das caixas, insisto, os peores presaxios cumpríronse. O dano que fixeron con esa fusión ao tecido económico desta cidade, foi irreparable e estámolo vendo a día de hoxe os danos económicos son irreparables pero tamén o dano social a tódolos sectores e, precisamente ,o dano que se lle fixo a obra social.

A obra social das caixas significaba moito para esta cidade, o concepto de obra social era o retorno á sociedade dos aforros que os vigueses especialmente, e os galegos facían dentro desas caixas. Na obra social a diversidade enriquecía esa devolución que as caixas daban á sociedade, tódolos ámbitos: Cultura, Deporte, Educación, Benestar Social, tódolos ámbitos baixo o paraugas da Obra Social tiñan axuda, apoio que hoxe non o temos. Polo tanto fomos os únicos que dixemos o que ía acontecer e lamentablemente isto cumpriuse.

Nós estamos a favor de que haxa unha transparencia total sobre a situación da Fundación, da Obra Social e imos apoiar esta moción porque entendemos, que

precisamente, esa transparencia, que esa necesidade de información e que esa necesidade de cal é o camiño que vai seguir a Fundación, debémola coñecer os vigueses e os responsables políticos. Polo tanto, bo é que aprobemos esta moción, tódolos grupos, e que efectivamente o goberno municipal, o Alcalde teña esta grao de implicación como sempre o tivo á hora de coñecer a situación. Preocúpanos absolutamente todo o que se deriva da Obra Social, todo o que se está deixando de facer como dicía anteriormente, preocúpanos os postos de traballo e que se quere facer coa Fundación e que se quere facer co concepto de Obra Social.

Tamén advertimos que hai acordo no Parlamento de Galicia, non imos consentir que a colección que está en Vigo de obras de arte, se vaian para ningunha outra cidade nin para outra institución cultural. Nisto nos manifestamos categóricos e enérxicos, tense que cumprir o acordo do Parlamento de Galicia, de tódalas formacións políticas, para que a colección resida na cidade de Vigo, non imos consentir que se aproveiten por unha situación difícil de explicar despois da fusión, o que esta cidade perda en favor doutras cidades ou institucións culturais, fondos da colección.

Polo tanto, nós aprobamos esta moción, esiximos a total transparencia sobre o funcionamento da Fundación, cremos que os tres grupos políticos desta Corporación debemos ir da man na defensa do que foi o resultante do aforro dos vigueses e lamentablemente, e as consecuencias foron irreversibles se precisamente na fusión non houbo información, se non houbo todo este grao de transparencia que debería de ter existido porque aínda estamos pendentes dunha explicación, ogallá co apoio dos tres grupos desta Corporación podamos conseguilo no mantemento dunha Fundación, dun legado e dun conxunto artístico que corresponde a esta cidade.

SRA. CENDÓN ALONSO: Do Grupo Popular, evidentemente, compartimos as inquietudes xa manifestadas aquí pola Sra. Veloso porque dende o mes de decembro, a Fundación mantén un status xurídico diferente ao anteriormente coñecido, quedan disoltos os seus órganos e pásase a rexer por unha comisión xestora, á que lle corresponde a elaboración dos estatutos que han de rexer a futura Fundación e a designación dos membros do seu Padroado, váiselles esixir unha cualificación especial e quedan fora da posibilidade e nomeamento calquera

cargo de representación política, por isto temos unha responsabilidade adicional neste tema.

Temos que promover o consenso para acadar a participación e representatividade que aos vigueses lles corresponde, non podemos mantermos á marxe desta cuestión, se pretendemos preservar o patrimonio mobiliario e artístico da nosa cidade, así como a actividade cultural, social e asistencial, a que máis lle preocupa ao Partido Popular. Por isto non é unha cuestión banal o do nomeamento dos patróns. Precisamente este mes aprobouse, como dicía Sra. Veloso, no Parlamento de Galicia por unanimidade unha PNL que constitúe o marco de referencia a seguir e que busca a viabilidade ao longo prazo da Obra Benéfico Social das antigas Caixas. Para a futura Obra Social nós apostamos pola racionalización, pola volta a súas orixes, priorizando o carácter social e a valorización do seu importante patrimonio inmobiliario. Nestes intres, a instancias da Consellería de Facenda, estase elaborado un novo plan estratéxico que debe valorar a viabilidade da Fundación, porque non podemos esquecernos, como ben dicía a Sra. Veloso, de que trala perda da súa participación accionarial no novo banco, o escenario é dunha obra social con mingua de ingresos e numerosas nóminas que pagar.

Atopámonos ante o reto de facela sostible, aforrar cartos, incrementalos ingresos e mantelos postos de traballo, a iso se chegou no Parlamento de Galicia. Estase a traballar na optimización dos ingresos derivados do patrimonio inmobiliario para minguar a utilización de remanentes desta entidade, a alta dirección pasou de once a dous membros, aforrándose un 90% dos custes, estase a reformular a actividade para centrala no ámbito máis social e nun futuro de actuacións cun Orzamento máis modesto, o banco contribúe con parte dos beneficios e colabora no cofinanciamento de determinados servizos de elevado contido social. O Concello de Vigo mantense sen embargo á marxe da prestación de apoios á Fundación, mentres que outros concello xa están implicados na colaboración, por exemplo, a cidade de A Coruña modificou o seu concerto que tiña cunha residencia para prazas de maiores e deulle a residencia da cidade vella, que é patrimonio da Fundación, isto é unha maneira sen custo de colaborar coa viabilidade da Fundación.

No Grupo Popular parécenos pouco ambiciosa a moción que presenta o Grupo do Bloque Nacionalistas Galego, pedimos na nosa emenda de adición, non só demandar información, como recolle a mesma, senón a participación activa do

Concello para impulsar accións dirixidas a garantir a viabilidade económica e sostemento da Obra Social, que beneficia a miles de persoas maiores, dependentes, estudantes, inmigrantes e infancia.

Sr. López Font, nós tamén temos preocupación pola obra artística da Fundación, pero neste momento a min preocúpame máis que esa obra poda ser exposta e non que este mal gardada porque está mal custodiada, preocúpanos máis que a obra se coñeza fora da nosa comunidade. Eu estiven en Bruselas presentando a serie negra de Xaime Quesada, que é patrimonio da Fundación, e alí un representante do Parlamento, un grego concretamente, díxome que nunca vira unha obra de carácter político mellor que a que se estaba expondo, que era moito mellor que o Guernica de Picasso, e felicítounos por ter en Galicia un herdeiro da obra de Picasso. Iso é o que temos que conseguir que a obra galega se coñeza fora da nosa comunidade. Pódense organizar exposicións que se aluguen, iso dá viabilidade.

SRA. VELOSO RÍOS: A ver se van a acabar coñecendo en México o obra artística da fundación Novacaixagalicia como igual se coñecen os barcos.

Nós evidentemente estamos preocupados polo patrimonio artístico da Fundación, queremos que este patrimonio, que xa foi adquirido cos aforros de tódolos vigueses/as, permaneza nesta cidade pero non só nos preocupa o patrimonio artístico, que nos preocupa moito polo seu valor, non só económico senón tamén histórico, cultural, identitario que ten ese patrimonio artístico, preocúpanos e queremos que se manteña aquí. Pero tamén hai que lembrar que hai outra serie de propiedades da fundación Novacaixagalicia na nosa cidade que son realmente senlleiras, estamos falando por exemplo da Finca de San Roque, agora que a conselleira de Economía e Facenda propón obter recursos polo aluguer, haber si vai pretender o aluguer para poder celebrar a festa do Patrón, por exemplo. Ese tipo de situacións, de incertezas agora mesmo preocúpannos, tamén nos preocupa o Colexio Fogar, estamos falando de Educación dos rapaces e rapazas con situacións especialmente difíciles, xa vivimos nesta cidade o peche dun colexio de infantil e primaria no centro da cidade, onde desgraciadamente hai moi poucos recursos educativos, un centro que ademais estaba tamén xestionado pola Xunta de Galicia e que non fixo nada para mantelo aberto, e nós queremos que eses tipo de cousas non volvan pasar, estamos falando dun centro cultural que é onde se desenvolven

actividades centrais da nosa cidade. E nós queremos que todo iso sega a ser da cidadanía, e nós agora non imos pedir que o Concello, que os vigueses/as paguemos de novo o que xa temos, non queremos que o volvamos pagar, todo isto xa foi pagado polos vigueses/as e non queremos que agora se volva pagar outra vez despois de ter nacionalizado o banco, de térselle quitado a participación accionarial á Fundación que non desapareceu por arte de maxia, foi unha decisión do FROP, eliminóuselle a participación accionarial á Fundación Novacaixagalicia, e agora non queremos que paguemos por terceira vez todos estes bens e propiedades da Fundación Novacaixagalicia, que son da cidade, de toda a cidadanía, entón nós non entendemos que agora teñamos que propoñer e sen saber que vai pasar coa Fundación e coa situación que está atravesando, que o Concello teña que dedicar recursos, máis recursos aínda dos que xa se levan dedicados, ademais coa colaboración entre o Concello e a Fundación que houbo sempre.

Tampouco evidentemente entendemos que se estea a pedir que se inicien accións encamiñadas ao consenso no nomeamento de representantes do Padroado, quero lembrar que a comisión xestora está formada por dúas persoas das antigas caixas e dúas persoas da Xunta de Galicia e que non vai haber representación política nese Padroado, entón tampouco entendemos esta proposta. Por tanto, mantemos a moción tal e como a presentamos para a súa votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando demandar da Fundación Novacaixagalicia información das súas propiedades, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5(100).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

*** ROGO FORMULADO POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS RELATIVO A ROTULACIÓN EN GALEGO DOS VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL.**

SRA. VELOSO RÍOS: Temos un rogo dende o Bloque Nacionalista Galego porque vimos que hai varios vehículos da Policía Local, concretamente do Grupo Operativo de Apoio ao Servizo de Costa e Praia, que están rotulados unicamente en castelán e o que rogamos e que se faga cumprimento da Ordenanza Municipal e se rotulen en Galego.

A PRESIDENCIA: Tomamos nota inmediata.

6(101).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA RELATIVO A EXISTENCIA OU NON DUN PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO DO CENTRO COMERCIAL PORTO CABRAL.**

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A pregunta ven motivada polos últimos acontecementos que estamos a vivir na nosa cidade con motivo da hipotética creación de Porto Cabral, sempre defendemos o diálogo, a información e por isto que presentamos esta seguinte pregunta, está depositado no concello algún proxecto para o desenvolvemento do centro comercial Porto Cabral? Coñece o goberno local o proxecto concreto e o seu impacto? Pode informar o goberno local aos grupos municipais deste proxecto concreto, de existir?

SRA. SILVA REGO: O proxecto que estamos a desenvolver é o denominado no Plan Xeral como “Liñeiriños”, como vostedes moi ben saben, porque así se contempla na ficha do Plan Xeral, este proxecto é iniciativa da formulación do planeamento público, o sistema de actuación é a expropiación e o prazo de desenvolvemento o primeiro cuatrienio. Polo tanto, o que estamos a facer é cumprir coa nosas obrigas de desenvolvemento tal é como se propón no Plan Xeral de Ordenación Municipal, cumprindo as legalidades que así se propoñen nese documento e cumprindo co que alí se propón que é desenvolve-lo no primeiro cuatrienio. Vostedes o coñecen perfectamente xa que o idearon, o propuxeron, o planificaron e o votaron favorablemente na aprobación inicial, na primeira e na segunda aprobación provisional, é máis, neste proxecto de “Liñeiriños” estiveron de acordo na Comisión de Urbanismo na que se convocou aos sindicatos, Comisión Obreiras, UXT, CIGA, a CEP, APROIM, a FABEC, a Cámara de Comercio, os colexios de profesionais de arquitectos, delineantes, enxeñeiros de camiños, industriais, apareladores, avogados, axentes da propiedade inmobiliaria, asociacións de empresarios da construción e a entidade local menor de Bembrive.

Xa para rematar, porque é un ámbito de desenvolvemento moi importante que tiña que desenvolverse no primeiro cuatrienio, quero facer referencia o que na aprobación inicial se comentou nesta mesma sala e dicíase “así como en balanza de comercio global, Vigo e Galicia teñen un rendemento negativo, en balanza comercio propiamente dita con Portugal exportamos máis do que importamos, e iso beneficianos porque nos coloca en posición punteira na euro-rexión se sabemos aproveitar as nosas potencialidades, cousa que se fai con proxectos concretos, cun gran parque rexional comercial en Vigo a hora e media de cinco millóns de persoas”, porque non temos que pensar en amplo? Porque temos que non fixar a política económica do seu desenvolvemento? Os nacionalistas non queremos o subdesenvolvemento, queremos crecemento, emprego e riqueza e se alguén subscribe o discurso do non crecemento, non vai contar connosco porque o subdesenvolvemento está arrombado dos programas do Bloque Nacionalista Galego. Nós estamos de acordo con estas declaracións que facía o Sr. Toba Girón cando defendía este ámbito de “Liñeiriños” e iso é o que estamos a facer, a desenvolver aquel ámbito exclusivamente, esa é a situación na que se atopa.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: As preguntas que se formulan por escrito son para que se contesten, a Sra. Silva Rego non contestou, eu non lle estou falando do desenvolvemento de “Liñeiriños”, ni do ámbito, e estamos de acordo con ese ámbito. A pregunta era claramente, se está depositado no Concello algún proxecto para o desenvolvemento do centro comercial Porto Cabral?. Queremos saber si hai algún proxecto presentado no Concello, e se así o hai queremos preguntarlle se nolo van a dar aos grupos, non lle estou falando do desenvolvemento de “Liñeiriños”, concordo coas palabras de Xabier Toba e coas da exposición que acaba de dicir, pero non lle estou falando do desenvolvemento. A pregunta é moi clara, hai depositada no Concello algún proxecto para o desenvolvemento, non de “Liñeiriños”, do centro comercial Porto Cabral? Esa é a pregunta que non me contestou.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, voulle dar a palabra á concelleira de Urbanismo, pero cada un contesta como quere, de acordo. Está obrigado a contestar e xa lle está contestando, agora voulle dar a palabra, outra vez máis para que lle conteste a repetición da pregunta.

SRA. SILVA REGO: Señores do Partido Popular, transparencia a súa que levan todo polo trámite de urxencia e ninguén se decata de nada do que aproba o Partido Popular no Consello de Ministros, que son medidas exclusivamente para machacar aos cidadáns, así que de transparencia vostedes non pode dicir nada, de transparencia en planes nada. Transparencia “Finca do Conde”.

Sr. Domínguez Olveira volvo a meu ton normal e tranquilo que é o que vostede se merece porque tamén o fai coa cordialidade que se debe demandar nun ámbito de debate público, porque os cidadáns estannos vendo e é bo que demos sinais de educación, vostede como o fai eu voulle contestar da mesma forma porque así o merece.

Eu comenteille todo isto Sr. Domínguez Olveira, porque a iniciativa de formulación do Planeamento é pública non pode ser doutra forma, polo tanto ninguén pode presentar ningún proxecto de desenvolvemento deste ámbito neste Concello, soamente o Concello ten a capacidade de facer fronte ao desenvolvemento do

ámbito de “Liñeiriños”, iso é o que estamos facendo. É certo que a nosa cidade, e creo que é unha boa noticia, vostede e eu moitas veces o falamos, de que hai moitos inversores de todo tipo, moitos axentes privados que teñen un enorme interese en vir a desenvolver a súa actividade en Vigo, o único ámbito de chan terciario que se contempla no Plan é “Liñeiriños” e polo tanto, para responder a esa demanda de moitos axentes económicos, non dun único axente económico, é desenvolver este ámbito porque non hai máis chan terciario no Plan Xeral de Ordenación Municipal. Polo tanto, o que estamos iniciando é o planeamento deste ámbito, para que todos aqueles que queiran vir a investir a Vigo, a xerar emprego e actividade económica conten co Planeamento que llo permite. O único documento depositado no Concello e o Plan Xeral de Ordenación Municipal, ímolo facer nós para tranquilizarlles porque sei que vostedes o preguntan porque están preocupados polos veciños e polo comercio desta cidade e por tódolos colectivos. Por certo o impacto do comercio tamén está medido naquel Plan de Xeral de Ordenación Municipal que vostedes idearon, propuxeron e planificaron, estaba estudado cal ía a ser ese impacto, que en todo caso e por suposto, terá que ser positivo.

Haberá toda a transparencia cando o Planeamento está elaborado, farase público, o coñeceran vostedes, pero o máis importante, o coñecerán os veciños do ámbito afectado e tamén o conxunto dos veciños.

Simplemente quero dicir unha cousa, ese ámbito non contemplaba o realoxo das vivendas, tamén para dar tranquilidade aos veciños quero dicir que nós cando chegamos, sendo alcalde Abel Caballero, puxemos na ficha deste ámbito que se integrarán no ordenamento as vivenda existentes e isto será si ou si.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ RELATIVO AO PROXECTO DA CIDADE DEPORTIVA DO CELTA.**

SR. ALONSO PÉREZ: Que proxecto ten o goberno local e en que fase está a cidade deportiva do Celta? Que previsións de desenvolvemento do proxecto manexa o

gobierno local? Que solucións se lles vai ofrecer aos propietarios afectados?

SRA. SILVA REGO: A situación deste ámbito é exactamente idéntica á anterior, a iniciativa de formulación do Planeamento ten que ser pública e polo tanto ninguén pode dar un paso adiante, nin atrás, nin a esquerda, nin a dereita sen que sexa o Concello de Vigo o que desenvolva o conxunto do Planeamento da Cidade do Deporte. O sistema de actuación que contempla o Plan tamén é a expropiación e o prazo de desenvolvemento tamén é o primeiro cuadrenio. Que está a facer o goberno municipal? O que está facendo é, neste momento, levantar a topografía dese ámbito para propoñer un conxunto de actuacións globais que de resposta ás demandas deportivas da nosa cidade. Tamén aquí teño que repetir que este é un ámbito que idearon, que propuxeron, que planificaron e que votaron favorablemente os membros do Bloque Nacionalista Galego na aprobación inicial, na primeira aprobación provisional e na segunda aprobación provisional, e que no Plan Xeral de Ordenación Municipal aparece definido como estratéxico.

Tamén preguntan pola solución que se lle vai ofrecer aos propietarios afectados, dicirlles que neste plan recollíase que as vivendas ían estar situadas en ámbitos que non se ían manter onde están situados actualmente, pero nós, crendo que é máis xusto que as vivendas se manteñan no seu emprazamento, démoslle aos técnicos de Urbanismo a orde de que tódalas vivendas se queden nos emprazamentos nos que están situadas. Polo tanto, ningún ente privado, nin público, que non sexa o Concello, ten capacidade para desenvolver ningún proxecto, somos nós e estámolo impulsando porque queremos cumprir co Plan Xeral de Ordenación Municipal que nos obriga a desenvolverlo no primeiro cuadrenio, esta é a situación.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS RELATIVO AO ERE DA EMPRESA UNÍSONO.**

SRA. VELOSO RÍOS: A empresa Unísono pretende aplicar un ERE que afecta a 97 persoas, púxose o Alcalde en contacto co comité de empresa? Un dos argumentos

fundamentais que lle está dando a empresa ao comité para a aplicación deste ERE, é precisamente que os clientes da empresa Unísono non queren vir para Vigo, prefiren que se traballe dende Madrid. Por iso penso que é importante, independentemente de que as competencias en emprego son fundamentalmente da Xunta e do Estado, neste caso que estamos falando dun ERE que afectaría a 97 persoas, nas que se insiste en que os clientes da empresa non queren traballar en Vigo senón que queren traballar en Madrid, gustaríanos saber si o Alcalde interesouse pola situación e ofreceu o apoio do concello ás traballadoras/es nesta negociación na que se está falando de 97 postos de traballo na cidade, e ademais do futuro do funcionamento dunha empresa que está situada en Vigo e que parece marchar da cidade?

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Certamente o que está aplicando Unísono é a reforma laboral, a súa conveniencia para deslocalizarse de aquí.

Por vía xudicial foron capaces de frear o traslado a Madrid destes traballadores e agora propóñenlles un ERE porque non poden abordar o custe dos salarios ata xuño, que é cando teñen fixada a data no Xulgado do Social. En todo caso dende o goberno, o noso alcalde Abel Caballero, sempre apoiou e defendeu as traballadoras/es desta cidade, e neste senso nós, como goberno, non tivemos ningunha comunicación, nin solicitude do propio Comité de empresa que se dirixira a nós para calquera xestión, e nese sentido estamos dispostos a recibilos, a estar con eles e a traballar con eles. O que si tivemos foi comunicación do Secretario Xeral da CIGA, precisamente respecto deste problema e contou con toda a colaboración deste goberno municipal. Entón Sra. Veloso Ríos, dicirlle que nós estamos abertos a todo o apoio que poidamos prestar a estas traballadoras/es, que a maioría son da nosa cidade e tamén da bisbarra.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. FIGUEROA VILA RELATIVO A CONTRATACIÓN A TRAVÉS DO PLAN EMPREGO.**

SR. FIGUEROA VILA: Nos últimos días apareceron nos medios de comunicación algunha información con respecto ao Plan de Emprego, nun caso concreto coa Federación de Asociación de Veciños, que dicía que había un compromiso de contratar a 36 persoas e renovarlles o contrato a 21 que xa estaban desempeñando a súa función. Queríamos saber se existe algunha diferenza, se hai algún problema, se ese compromiso non era así ou cal é a decisión do goberno que vai adoptar con respecto a estas persoas que están contratadas e que se lle dixo que se lle ía a renovar e agora non se lle pode renovar?

A PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. ARAÚJO PEREIRA RELATIVO Á CONTRUCCIÓ DO CENTRO COMERCIAL EN PORTO CABRAL.**

SR. ALVÁREZ PÉREZ: Volvendo ao tema de Porto Cabral, entendemos que vostedes apoian a construción do centro comercial? A seguinte pregunta, realizaron algún estudio de como afectará a construción dese centro comercial ao comercio de Vigo?

SRA. SILVA REGO: Espero que estivera atento a miña resposta porque a miña resposta é clara, nós estamos de acordo en desenvolver o Plan Xeral de Ordenación Municipal cuxa primeira aprobación provisional foi asinada pola Sra. Corina Porro, cunha defensa apaixonada de quen era naquel momento o concelleiro de urbanismo o Sr. Figueroa Vila, que propuxo na súa intervención que o desenvolvemento dese ámbito favorecería moito o pequeno comercio de Vigo, e polo tanto eu supoño que vostedes soamente sete anos despois, estarán de acordo con aquelas palabras do que hoxe é o seu voceiro.

Nós estamos de acordo con desenvolver o Plan, e ademais non nos queda outra, nós temos a obriga de desenvolver o Plan Xeral. Dicía antes que está previsto que se desenvolvera no primeiro cuadrenio, atopámonos nese momento e o que

estamos a facer é debuxar o Planeamento, iso é o que estamos a facer. Nós sempre cumprimos coa legalidade, onde pon chan terciario nós facemos chan terciario, outro onde poñía residencial puxeron terciario, e hoxe temos enriba da cabeza un gran centro comercial denominado “Finca do Conde” que unha sentenza dixo que é irregular. Non se preocupe con nós non vai pasar, imos desenvolver ese ámbito de chan terciario que é o único que se contempla no Plan.

SR. ALVAREZ PÉREZ: Unha cuestión de orde, paréceme moi ben isto de contestar o que a un lle veña en gana ante unha pregunta, pero son dúas preguntas moi simples, si ou non e non contestou a ningunha.

A PRESIDENCIA: A próxima vez que vostede queira que lle conteste o que queira, déalle a contestación e xa adiantamos.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. ARAÚJO PEREIRA RELATIVO AO CUMPRIMENTO IGUALITARIO DA NORMATIVA URBANÍSTICA EN VIGO.**

SR. ARAÚJO PEREIRA: Dende varias zonas da cidade os veciños nos demandan o cumprimento igualitario da normativa urbanística en vigor en Vigo. Veciños de Cabral, Bembrive, Beade, Coruxo fanlles a pregunta que agora lle trasladamos. Como se está auditando, inspeccionando a legalidade do urbanismo desta cidade, con que medios e como se lles da transparencias a estas actuacións?.

SRA. SILVA REGO: Téñenlles que dicir a tódolos seus veciños, polos que vostede hoxe fala, que agora si hai un Plan Urbanístico, non só de desenvolvemento do Plan, senón de seguimento das infraccións. E téñolle que dicirlle Sr. Araújo Pereira que a herdanza que vostedes me deixaron en infraccións era tremenda, estamos intentando perseguilas todas, pero o certo é que ascendía a miles delas, que cando o voceiro seu foi Concelleiro de Urbanismo non resolveu nin unha soa, non hai nin unha soa infracción que se haxa realizado nos últimos seis anos, todas son súas.

Dígalles aos señores de Cabral, Beade, Bembrive que hoxe estamos dando resposta a todo o urbanismo legal que nunca existiu na cidade e da que vostedes son grandes responsables.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. FIGUEROA VILA RELATIVO AO CARÁCTER PÚBLICO OU NON DO DESENVOLVEMENTO DO PLANEAMENTO.**

SR. FIGUEROA VILA: Debido a algunha contestación que se fixo agora, me gustaría dicir como se pode corresponder que se diga que o desenvolvemento dun planeamento que é público, e resulte que aparezan empresas que están facendo o desenvolvemento dese ámbito.

A PRESIDENCIA: Hai un máximo de catro preguntas pero imos contestarlle.

SRA. SILVA REGO: Sr. Figueroa Vila, supoño que vostede lee os xornais locais, supoño que vostede está informado de que grandes axentes privados como IKEA, Leroy Merlin e outros moitos que van a favorecer o emprego, a actividade económica nesta cidade, están moi interesados en que haxa chan dispoñible para poder situarse en Vigo. Todos eses axentes, tamén Eurofan que supoño que é ao que vostede fai referencia, mostraron o seu interese por vir a situarse en Vigo. O que diga Eurofan, Leroy Merlin, IKEA, ou calquera outro axente económico que estea interesado en crear riqueza e emprego en Vigo, corresponde á responsabilidade de esas empresas, eu non respondo da responsabilidade desas empresas eu respondo da miña. O que si respondo é que vai facer todo cunha absoluta legalidade, imos desenvolver o ámbito de "Liñeiriños" cumprindo exactamente o que di a ficha, para facilitar que se podan vir a nosa cidade esas grandes empresas interesadas. Polo tanto, creo que non é a min a que ten que facer a pregunta, en todo caso, eu estou encantada de que Vigo sexa unha cidade que desperta un enorme interese para vir a traer aquí a actividade económica, os cidadáns teñen que saber que iso xerará emprego, estou segura que vostede o

aplaude exactamente igual que eu.

A PRESIDENCIA: Señores concelleiros deste Pleno, imos meter un pouco de seriedade, hai un Regulamento, voulle permitir facer a pregunta, pero hai un Regulamento que aprobamos e que imos seguir. Polo tanto, non imos tolerar que isto se converta nun procedemento de estar continuamente vulnerando o regulamento de acordo cos intereses políticos da cada un. Ímoslles permitir a vostede que formule a súa pregunta, pero isto é unha sesión de preguntas non unha sesión de interpelacións, nin é eterna nin é interminable.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS RELATIVO Á INTERVENCIÓN E FISCALIZACIÓN NA AMPLIACIÓN DA CONCESIÓN A AQUALIA.**

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Hai un mes, neste mesmo auditorio, preguntóuselle ao goberno que nos contestasen que intervención, que fiscalización levaban os 180.000 euros contemplados na ampliación da concesión administrativa Aqualia, pasaron 30 días e aínda non tivemos resposta.

A PRESIDENCIA: Contestarémolla por escrito con tódalas garantías de transparencia, como facemos con todo e vostedes non facían cando gobernaban.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e once minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.